

O coronel Chabert

Honoré de Balzac

Tradución de Emma Lázare Rodríguez



Honoré de Balzac

O coronel Chabert

Versión galega de Emma Lázare Rodríguez

Á señora condesa Ida de Bocarmé, de solteira de Chasteler.

—¡Vaia! ¡Aí volve o noso vello *carrick*!¹

Esta exclamación escapáballe a un escribán que pertencía ó xénero deses que chaman nas notaría *recadeiro*, e que mordía nese momento, con grande apetito, nun anaco de pan; arrincou un pouco de rafa para facer unha boliña e tirouna, por diversión, pola celosía da ventá na que estaba apoiado. Dirixida con destreza, a boliña rebotou case á altura do peitoril, despois de bater no sombreiro dun descoñecido que atravesaba o patio dunha casa situada na rúa Vivienne, onde vivía mestre Derville, avogado.

—Veña, Simonnin, non lle faga trashedas á xente ou póño na porta. Por pobre que sexa un cliente non deixa de ser un home, ¡díaño! —dixo o Oficial maior, interrompendo a suma dunha memoria de gastos.

O recadeiro é polo regular, como era Simonnin, un rapaz de trece a catorce anos, que en tódolos bufetes se encontra baixo o dominio especial do escribán Principal, e que se encarga dos seus recados e cartiñas románticas mentres vai leva-las notificacións ós alguacís e os *plácer* ó Pazo de Xustiza. Ten algo do rapacete de París polos seus costumes e do avogado das silveiras polo seu destino. Este neno case sempre é desapiadado, non ten freo nin disciplina, é inventor de coplas, burlón, ávido e preguiceiro. Emporiso, case todos eses pequenos escribáns teñen unha nai vella que vive nun quinto piso, coa que comparten os trinta ou corenta francos que se lles adxudican ó mes.

—Se é un home ¿por que lle chama vostede vello *carrick*? —dixo Simonnin co aire dun escolante que pilla ó mestre en falta.

E volveu comer no pan e no queixo, apoiado de costas no montante da ventá; pois descansaba de pé, coma os cabalos de cuco, cunha perna repregada e apoiada contra a outra sobre a punta do zapato.

—¿Que broma lle poderíamos gastar a ese tipo raro? —dixo en voz baixa o terceiro escribán, chamado Godeschal, deténdose no medio dun razoamento que estaba a xerar para un requirimento estendido polo cuarto escribán e que copiaban dous neófitos chegados de provincias.

Despois continuou coa súa improvisación:

—...*Pero, na súa noble e benévola sabedoría, a Súa Maxestade Louis Dezaioito... póñano con letras, ¿eh?, Desroches sabio, o que fai a Copia en letra grande), no momento en que Ela volveu toma-las rendas do seu reino, comprendeu... (¿que comprendeu ese gran pillabán) ja alta misión á que estaba chamada pola divina Providencia!... (signo de admiración e seis puntos: son relixiosos abondo no xulgado para nolos perdoar), e o seu primeiro pensamento foi, como o proba a data da orde abaixo citada, repara-los infortunios causados polos horrorosos e tristes desastres dos nosos tempos revolucionarios, restituíndo ós seus fieis e numerosos servidores (o de numerosos é un afago que debe agradar ó tribunal) tódolos seus bens non vendidos, xa se atopasen no dominio público, xa se atopasen no dominio ordinario ou extraordinario da coroa, xa se atopasen, en fin, nas dotacións dos establecementos públicos, pois somos e pretendémonos capaces de soste que tal é o espírito e o senso da famosa e tan leal orde promulgada en... Esperen —dixo Godeschal ós tres escribáns—, con esta maldita frase cheguei á fin da páxina. Pois —continuou, mollando coa lingua o canto do caderno para poder pasa-la grosa folla de papel timbrado—, pois se lle queren gastar unha broma, díganlle que o xefe non pode falar cos seus clientes máis que entre as dúas e as tres da mañá: ¡xa veremos*

se é que se presenta, ese vello malfeitor!

E Godeschal seguiu coa frase comezada:

—*Promulgada en...* ¿Estamos? —preguntou.

— Si, exclamaron os tres copistas.

Todo marchaba ó mesmo tempo, a demanda, a conversa e maila conspiración.

Promulgada en... ¿eh? papá Boucard, ¿cal é a data da orde? Hai que puntualizar todo, ¡concho! así vanse enchendo as páxinas.

—¡*Concho!* —repetiu un dos copistas antes de que Boucard, o Oficial maior, respondese.

—¿Como? ¿Escribiu vostede *concho*? —preguntou Godeschal mirando a un dos acabados de chegar con aire severo e burlón á vez.

—Pois si —dixo Desroches, o cuarto escribán, inclinándose sobre a copia do seu compañeiro—, escribiu: *Hai que puntualizar todo, e koncho* con k.

Romperon a rir tódolos escribáns ás gargalladas.

—¿Como, señor Huré, toma vostede *concho* por un termo xurídico? ¡E di que é vostede de Mortagne! —exclamou Simonnin.

—¡Bórreme iso! —dixo o Principal—. ¡Se o xuíz encargado de taxa-lo expediente vise tal cousa había dicir que tanto nos ten arre coma xo! Causaríalle problemas ó patrón. Veña, ¡non me faga máis parvadas desas señor Huré! Un normando non debe escribir descoidadamente unha demanda. É o ¡*Presenten armas!* dos chupatintas.

—*Promulgada en...¿en...?* —preguntou Godeschal—. ¡Dígame cando, Boucard!

—Xuíño de 1814 —respondeu o Primeiro sen deixa-lo seu traballo.

Un golpe dado á porta do bufete interrompeu a frase da prolixa demanda. Cinco escribáns con bos dentes, ollos vivos e burlóns e cabelo crencho, levantaron o nariz cara á porta, despois de berraren todos con voz de sochantre:

—Pase.

Boucard permaneceu co rostro sepultado nun montón de actas chamadas *broza*, na xerxa do Palacio de Xustiza, e continuou o seu traballo.

O despacho era unha gran peza adornada coa estufa clásica que se atopa en tódolos antros dos leguleios. Os tubos atravesaban diagonalmente o cuarto e ían parar a unha cheminea condenada, sobre o mármore da cal se vían varios anacos de pan, triángulos de queixo de Brie, costeletas de porco en fresco, vasos, botellas e a cunca de chocolate do escribán Principal. O olor destes comestibles mesturábase tan perfectamente co mal olor da estufa desmesuradamente quente e co aroma particular dos despachos e do papelorio, que o fedor dun raposo non se sentiría alí. O chan xa estaba cuberto coa lama e a neve que traían os escribáns. Preto da ventá atopábase o secreter de cilindro do Principal, ó cal estaba arrimada a mesiña destinada ó segundo escribán. O segundo *facía* nese momento o Xulgado. Serían as oito ou as nove da mañá. Por todo adorno, o bufete tiña eses grandes carteis amarelos que anuncian embargos inmobiliarios, vendas, licitacións entre maiores e menores, adxudicacións definitivas ou preparatorias, ¡a gloria dos bufetes! Detrás do Oficial maior había un enorme ficheiro que cubría a parede de arriba a abaixo, con tódolos compartimentos abarrotados de cartapacios dos que penduraban un número infinito de etiquetas e deses cabos de fío vermello que lles dan unha fisionomía especial ós expedientes dos procesos. Os estantes inferiores do ficheiro ateigábanse de cartóns amarelados polo uso, bordeados de papel azul, sobre os que se podían le-los nomes dos clientes importantes, que tiñan os seus substanciosos asuntos a cociñar nese

momento. Os vidros sucios da ventá deixaban filtrar pouca luz. De tódolos xeitos, no mes de febreiro existen en París poucos bufetes onde se poida escribir sen a axuda dunha lámpada antes das dez, pois todos son obxecto dunha negligencia bastante comprensible: todo o mundo pasa por alí, ninguén fica, ningún interese persoal se adhire a algo tan banal; nin o avogado, nin os litigantes, nin os escribáns se preocupan pola elegancia dun lugar que para uns é unha clase, para outros un lugar de paso, para o amo un laboratorio. O mobiliario cotroso transmítese de avogado a avogado cun escrúpulo tan relixioso que certos bufetes posúen aínda caixas de *residuos*, moldes de *liñas*, sacas provenientes dos procuradores do *Chlet*, abreviatura da palabra chatelet, xulgado que representaba na antiga orde de cousas ó tribunal de primeira instancia actual. Aquel bufete escuro, poeirento, tiña pois, coma tódolos outros, algo de repelente para os litigantes, que facía del unha das máis odiosas monstruosidades parisienses. Certamente, se as sancristías húmidas onde as preces se pesan e se pagan como especias, se as tendas de revenda onde flotan farrapos que murchan tódalas ilusións da vida amosándonos onde rematan as nosas festas, se estas dúas cloacas da poesía non existisen, un bufete de avogado sería de tódolos comercios sociais o máis horrible. Mais o mesmo ocorre coa casa de xogo, co tribunal, co despacho de lotería e cos prostibulos. ¿Por que? Quizá nestes lugares o drama, dado que ten lugar na alma do home, fai indiferentes os accesorios: o que explicaría tamén a simplicidade dos grandes pensadores e dos grandes ambiciosos.

—¿Onde anda o meu canivete?

—¡Eu estou comendo!

—¡O que faltaba!, ¡un paté sobre a demanda!

—¡Chist!, señores.

Estas diversas exclamacións partiron á vez no momento en que o vello litigante pechou a porta con esa especie de humildade que desnaturaliza os movementos do home desgraciado. O descoñecido intentou sorrir, pero os músculos da súa cara distendéronse despois de buscar inutilmente algún síntoma acolledor nos rostros inexorablemente indiferentes dos seis escribáns. Acostumado, sen dúbida, a xulga-los homes, dirixiuse moi cortesmente ó recadeiro, esperando que aquel pandote lle respondese con suavidade.

—Señor, ¿pódese ve-lo seu xefe?

O malicioso do recadeiro respondeulle ó pobre home batendo repetidamente cos dedos da man esquerda na orella, como dicindo: Son xordo.

—¿Que desexa vostede, señor? —preguntou Godeschal, que, mentres facía esta pregunta tragaba un bocado de pan co que se podería cargar un canón do catro, brandía o seu coitelo e cruzaba as pernas poñendo á altura dos ollos o pé que se atopaba no aire.

—Veño aquí, señor, por quinta vez —respondeu o vello pacientemente—. Desexo falar co señor Derville.

—¿É para algún asunto?

—Si, ora que só llo podo explicar ó señor...

—O patrón está durmindo; se desexa consultalo sobre algún problema, el non traballa en serio máis que á media noite. Mais se nos quixese explica-lo seu caso, nós poderíamos, tan ben coma el, darlle...

O descoñecido permaneceu impasible. Púxose a mirar modestamente ó seu arredor, coma un can que se mete nunha cociña allea e teme que o golpeen. Por unha gracia da súa condición, os escribáns nunca teñen medo dos ladróns; así que non desconfiaron do home do *carrick* e deixáronlle observa-lo local, onde buscou en van un asento para se pousar, pois estaba visiblemente fatigado. Por sistema, os avogados deixan poucas cadeiras nos seus bufetes. O cliente vulgar, canso de agardar de pé, marcha rosmando; pero non gasta un tempo que, segundo a expresión dun vello procurador, non está *taxado*.

—Señor —respondeu—, xa tiveron o honor de avisalo de que só lle podía explica-lo meu caso ó señor Derville, vou agardar ata que se erga.

Boucard terminara a suma. Sentiu o aroma do seu chocolate, levantouse da butaca de cana, foi cara á cheminea, fitou ó ancián, mirou o *carrick* e fixo un xesto indescribible. Pensou probablemente que, por máis que o retorciesen sería imposible extraer un céntimo daquel cliente; daquela, interveu cunha frase breve, coa intención de libra-lo bufete dun mal negocio.

—Dinlle a verdade, señor. O patrón só traballa durante a noite. Se o seu caso é grave aconséllolle que volva á unha da mañá.

O litigante mirou para o Oficial maior cunha expresión estúpida, e ficou inmóbil por un momento. Acostumados a tódolos cambios de fisionomía e ós singulares caprichos producidos pola indecisión ou pola reflexión que caracterizan ós que preitean, os escribáns continuaron a comer, facendo tanto ruído coas mandíbulas coma o que deben face-los cabalos no presebe, e non se preocuparon máis do vello.

—Virei esta noite, señor —dixo por fin o ancián que, por unha tenacidade particular coa xente desgraciada, quería pillar en falta á humanidade.

O único epigrama que lle está permitido á Miseria é obrigar á Xustiza e á Beneficencia a negativas inxustas. Cando os desventurados pillan á Sociedade en mentira, bótanse máis vivamente no seo de Deus.

—¡Será atrevido! —dixo Simonnin, sen agardar a que o vello pechase a porta.

—Parece un desenterrado —continuou o escribán.

—Debe ser un coronel que reclama algún atraso —dixo o Oficial maior.

—Non, é un antigo porteiro —dixo Godeschal.

—¿Que apostamos a que é nobre? —preguntou Boucard.

—Eu aposto a que foi porteiro —replicou Godeschal—. Os porteiros son os únicos dotados pola natureza dun *carrick* gastado, graxento e esfarrapado por baixo coma o deste pobre infeliz. ¿Non lle viron as botas sen talóns que lle collen a auga, e a gravata que lle fai de camisa? Este dorme debaixo dunha ponte.

—Podería ser nobre e ter aberto portas —exclamou Desroches—, ¡tense dado o caso!

—Non —retrucou Boucard, entre risadas—, eu sosteño que foi cervexeiro en 1789 e coronel coa República.

—¡Ah! Aposto un espectáculo para todo o mundo a que non foi soldado —dixo Godeschal.

—Vale —replicou Boucard.

—¡Señor! ¡señor! —berrou o pequeno escribán abrindo a ventá.

—¿Que fas Simonnin? —preguntou Boucard.

—Chámoo para lle preguntar se é coronel ou porteiro, el débeo saber.

Tódolos escribáns botaron a rir. En canto ó vello, xa subía a escaleira.

—¿Que lle imos dicir? —preguntou Godeschal.

—Deixádeme a min —respondeu Boucard.

O pobre home entrou timidamente baixando os ollos, quizais para non revela-la súa fame ollando con demasiada avidez os comestibles.

—Señor —díxolle Boucard—, ¿quere face-lo favor de dáno-lo seu nome para que o xefe saiba se...?

—Chabert.

—¿É o coronel que morreu en Eylau? —preguntoulle Huré, que como aínda non dixera nada estaba desexoso de engadir algunha broma ás demais.

—O mesmo, señor —respondeu o bo do home cunha simplicidade primitiva.

E retirouse.

—¡Hui!

—¡Pillado!

—¡Puff!

—¡Oh!

—¡Ah!

—¡Pumba!

—¡Ah, que vello tolo!

—¡Trin, trin, trin!

—¡Afundido!

—Señor Desroches, vai ir vostede ó espectáculo sen pagar —díxolle Huré ó cuarto escribán, dándolle unha pancada no lombo como para matar un rinoceronte.

Houbo tal torrente de berros, de risas e de exclamacións que se necesitarían tódalas onomatopeas da lingua para describilo.

—¿A que teatro iremos?

—Á Ópera —dixo o Principal.

—En primeiro lugar, o teatro non se mencionou —replicou Godeschal—. Se quero, podo levalos a ver a madame Saqui².

—Madame Saqui non é un espectáculo.

—¿Que é un espectáculo? —argumentou Godeschal—. Establezamos primeiro este punto. ¿Que apostei eu, señores? Un espectáculo. ¿Que é un espectáculo? Unha cousa que se ve...

—Pero, segundo eso, cumpriría levádonos a ve-la auga que corre por baixo da *pont Neuf* —berrou Simonnin, interrompendo.

—Que se ve pagando —continuaba Godeschal.

—Mais vense pagando moitas cousas que non son un espectáculo. A definición non é exacta —sentenciou Desroches.

—Pero escoiten, ¡ho!

—Non razoa vostede, amigo —dixo Boucard.

—¿Curtius é un espectáculo? –preguntou Godeschal.

— Non –respondeu o Oficial maior–, é un gabinete de figuras de cera.

—Aposto cen francos contra un pataco –replicou Godeschal–, a que o gabinete de Curtius constitúe o conxunto de cousas que merecen o nome de espectáculo. Comporta algo que ver por diferentes prezos, segundo os diferentes sitios onde se queira poñer un.

—E patatín e patatán –concluíu Simonnin.

—¡Ten coidado de que non che dea un sopapo, ti! –avisouno Godeschal.

Os escribáns encolleron os ombros.

—Ademais, aínda non está probado que ese vello mono non se burlase de nós –dixo, acabando a súa argumentación, enxordecida polas risas dos outros escribáns–. En conciencia, o coronel Chabert está ben morto, a súa muller volveu casar co conde Ferraud, conselleiro de Estado. ¡Madame Ferraud é unha das clientes do bufete!

—A causa queda aprazada ata mañá –dixo Boucard–. ¡Ó traballo, cabaleiros! Díaño, aquí non se fai nada. Termine dunha vez a demanda, ten que estar notificada antes da audiencia do tribunal número catro. O caso xúlgase hoxe. ¡Veña, ó trote!

—De se-lo coronel Chabert, ¿non había poñe-lo pé no traseiro deste leriante de Simonnin cando se fixo o xordo? –seguíu Desroches, considerando esta observación moito máis concluínte cá de Godeschal.

—Xa que aínda non hai nada decidido –engadiu Boucard–, ¿por que non quedamos en ir ós segundos palcos dos Franceses para ver a Talma en Nerón? Simonnin irá ó galiñeiro.

E, con estas, o Oficial maior sentouse ó escritorio, imitándoo todos.

—*Promulgada en xuño de mil oitocentos catorce* (en letra) –dixo Godeschal. ¿Estamos?

—Si –responderon os dous copistas e o da letra grande, e as plumas comezaron a chiar sobre o papel timbrado, facendo no bufete o ruído de cen moscardos encerrados por escolantes en cucuruchos de papel.

—*E esperamos que os Señores que compoñen o tribunal...* –dixo o improvisador. ¡Alto! Teño que reler a frase, xa non me aclaro nin eu.

—Corenta e seis... (¡Debe pasar a miúdo!...) e tres corenta e nove –dixo Boucard.

—*Esperamos* –continuou Godeschal, despois de reler todo– *que os Señores que compoñen o tribunal non sexan menos grandes có augusto autor da orde, e que fagan xustiza ás miserables pretensións da administración da grande chancelería da Lexión de honra fixando a xurisprudencia no amplo sentido que nosoutros establecemos aquí...*

—Señor Godeschal, ¿quere un vaso de auga? –preguntou o pequeno escribán.

—¡Este bromista de Simonnin! –exclamou Boucard–. Anda, prepara os teus cabalos de dobre sola, colle este paquete e alanca ata os Invalides.

—*Que nosoutros establecemos aquí* –seguíu Godeschal–. Engada: *no interese da señora...* (con tódalas letras) *vizcondesa de Grandlieu...*

—¡Como! –exclamou o Oficial maior–. ¿Ocórreselle a vostede face-las demandas do caso da vizcondesa de Grandlieu contra a Lexión de Honra, un caso por conta do bufete, un traballo a comisión? ¡Ah! ¡que gran necio é vostede! Póñame a un lado as copias e a minuta, gárdeme todo iso para o caso Navarreins contra os Hospicios. É tarde, vou rematar unha solicitude, cos *considerandos*, e irei eu mesmo ó Xulgado...

Esta escena representaba un dos mil praceres que, máis tarde, fan exclamar lembrando a xuventude: "¡Que tempos aqueles!"

Contra a unha da mañá, o pretendido coronel Chabert foi petar á porta de mestre Derville, avogado no tribunal de primeira instancia do departamento do Sena. O porteiro respondeulle que o señor Derville non volvera. O vello alegou a cita e subiu á casa do célebre xurista, que, malia a súa xuventude, pasaba por ser unha das mellores cabezas do Pazo de Xustiza. Despois de chamar, o desconfiado solicitante non quedou pouco sorprendido de ve-lo Oficial maior ocupado en colocar, sobre a mesa do comedor do seu patrón, os numerosos informes dos casos que *viñan* ó día seguinte nunha orde útil. O escribán, non menos sorprendido, saudou ó coronel pregándolle que sentase, cousa que fixo o solicitante.

—Abofé, señor, pensei que estaban de broma onte cando me indicaron unha hora tan tardía para unha consulta —dixo o vello coa falsa alegría dun home arruinado que se esforza por sorrir.

—Os escribáns falaban en broma e dicían a verdade ó mesmo tempo —respondeu o Principal, continuando co seu traballo—. O señor Derville escolleu esta hora para examina-las súas causas, resumi-los medios, ordena-los procedementos, dispoñe-las *defensas*. A súa prodixiosa intelixencia está máis libre neste momento, o único no que acada o silencio e a tranquilidade necesarias para a concepción das boas ideas. Vostede é, dende que el é avogado, o terceiro exemplo de consulta dada a esta hora nocturna. Cando volva o xefe discutirá cada caso, lerá todo, pasará, se cadra, catro ou cinco horas na tarefa; despois chamárame e explicárame as súas intencións. Pola mañá, dende as dez ata as dúas, escoita os clientes, logo emprega o resto da xornada nas súas citas. Contra a noite, sae para cultiva-las relacións sociais. Así que só lle queda a noite para estudia-los procesos, rebuscar nos arsenais do Código e face-los seus plans de batalla. Non quere perder nin unha soa causa, ama a súa arte. El non acepta, coma os seus colegas, calquera clase de casos. E velaí a súa vida, que é singularmente activa. Por iso gaña tanto diñeiro.

Logo de oír esta explicación, o vello quedou en silencio, e o seu estraño rostro adoptou unha expresión tan desprovista de intelixencia que o escribán, despois de observalo, non se preocupou máis del. Uns instantes despois, volveu Derville, en traxe de baile; o seu Oficial maior abriulle a porta e púxose de novo a remata-la clasificación dos informes. O mozo avogado ficou un instante estupefacto ó albiscar na semiescuridade o singular cliente que agardaba por el. O coronel Chabert estaba tan perfectamente inmóbil como pode estalo unha figura de cera daquel gabinete Curtius ó que Godeschal quixera leva-los seus camaradas. E aquela inmovilidade tal vez non sería causa de asombro se non completase o espectáculo sobrenatural que presentaba o conxunto do personaxe. O vello soldado era seco e fraco. A fronte, voluntariamente oculta baixo os cabelos da súa perruca lisa, dáballe algo de misterioso. Os ollos parecían cubertos por unha nube transparente: diríase nácara sucia con reflexos azulados que brillaban ó resplandor das candeas. A cara pálida, lívida e coma a folla dun coitel, se que se nos permite o emprego desta expresión vulgar, parecía morta. Levaba o colo apertado por unha mala gravata de seda negra. A sombra ocultaba tan ben o corpo a partir da liña escura que describía aquel farrapo, que un home con imaxinación podería tomar aquela vella cabeza por unha silueta debida ó azar, ou por un retrato de Rembrandt, sen marco. Os bordos do chapeo que cubría a fronte do vello proxectaban un suco negro no alto do rostro. Este efecto estraño, aínda que natural, facía resaltar, pola brusquidade do contraste, as brancas engurras, as sinuosidades frías, o descolorido sentimento daquela fisionomía cadavérica. En fin, a ausencia de todo movemento no corpo e de toda calor na ollada, coincidía cunha certa expresión de demencia triste e cos degradantes síntomas que caracterizan o idiotismo, para darlle a aquela face un non sei qué de funesto que ningunha palabra humana podería expresar. Mais un observador, e sobre todo un avogado, había atopar ademais naquel home fulminado os sinais dunha dor profunda, os indicios da miseria que degradara aquel rostro, coma as pingas de auga que caen do ceo sobre un fermoso mármore e, co tempo, desfigúranlo. Un médico, un autor, un maxistrado, haberían presentir todo un drama ante o aspecto daquel sublime horror, o menor mérito do cal era o de parecerse a esas fantasías que se entreteñen en debuxa-los pintores nos baixos das súas pedras litográficas mentres conversan cos amigos.

Ó ve-lo avogado, o descoñecido estremeceu cun movemento convulsivo semellante ó que lles escapa ós poetas cando un ruído inesperado os vén distraer dun fecundo soño, no medio do silencio da noite. O vello descubriuse prontamente e púxose en pé para saudar ó mozo; o coiro que cubría o interior do seu chapeo debía estar moi graxento e a perruca quedou alí pegada, sen que el se decatase, deixando ver nu o seu cranio horriblemente mutilado por unha cicatriz transversal que empezaba no occipicio e viña morrer no ollo dereito, formando un costurón avultado. A retirada súbita daquela perruca sucia, que o pobre home levaba para oculta-la súa ferida, non lles deu ningunha gana de rir ós dous homes de leis, tan horrible era a aparencia daquel cranio fendido. O primeiro pensamento que suxería o aspecto daquela ferida era este: ¡Por aí fuxiu a intelixencia!

"¡Se non é o coronel Chabert debeu ser un fero soldado!" pensou Boucard.

—Señor —dixo Derville—, ¿con quen teño a honra de falar?

—Co coronel Chabert.

—¿Cal?

—O que morreu en Eylau —respondeu o vello.

Ó escoitar esta singular frase, o escribán e mailo avogado olláronse de xeito que significaba: "¡É un tolo!".

—Señor —continuou o coronel—, desexaría non lle confiar máis que vostede o segredo da miña situación.

A intrepidez natural dos avogados é unha cousa digna de reflexión. Sexa polo hábito de recibir un gran número de persoas, sexa polo profundo sentimento de protección que as leis lles conceden, ou pola confianza no seu ministerio, entran en todas partes sen temer nada, coma os sacerdotes e os médicos. Derville fíxolle un sinal a Boucard, que desapareceu.

—Señor —dixo o avogado—, durante o día non son moi avaricioso co meu tempo; mais no medio da noite os minutos son preciosos para min. Así que, sexa breve e conciso. Vaia ós feitos sen digresións. Pedireille eu mesmo as aclaracións que crea necesarias. Fale.

Despois de facer que sentase o seu extraordinario cliente, sentou o mozo ante a mesa; ora, sen deixar de lle prestar atención ó discurso do falecido coronel, folleaba os seus expedientes.

—Señor —empezou o defunto—, quizais saiba vostede que eu mandaba un rexemento de cabalería en Eylau. Tiven moito que ver no éxito da célebre carga que fixo Murat, e que decidíu a victoria da batalla. Por desgracia para min, a miña morte é un feito histórico consignado nas *Victorias e Conquistas*, onde se narra con todo detalle. Abrimos en dúas as tres liñas rusas, ás que, volvéndose pechar de seguida, tivemos que atravesalas de novo en sentido contrario. No momento en que volvíamos cara ó emperador, despois de dispersa-los rusos, batín co groso da cabalería inimiga. Precipiteime sobre aqueles testáns. Dous oficiais rusos, dous verdadeiros xigantes, atacáronme a un tempo. Un deles mandoume tal golpe coa espada na testa que me fendeu todo, ata un bonete de seda negra que levaba, e abriume profundamente o cranio. Caín do cabalo. Murat veume socorrer, pasáronme sobre o corpo, el e maila súa tropa, mil cincocentos homes, ¡case nada! Anunciáronlle a miña morte ó emperador, quen, por prudencia (¡queríame bastante o xefe!), quixo saber se non habería algunha posibilidade de salva-lo home ó que lle debía aquel vigoroso ataque. Enviou a dous cirurxiáns para recoñecerme e levarme ás ambulancias dicíndolles, quizais un pouco descoidadamente porque tiña moito que facer: "Ide mirar se, por un casual, o meu pobre Chabert aínda vive". Aqueles malditos estudantes de medicina, que acababan de ver cómo me atropelaban os cabalos de dous rexementos, seguramente nin me tomaron o pulso e dixeron que estaba ben morto. Así que a acta da miña defunción probablemente se levantou conforme as regras establecidas pola xurisprudencia militar.

En oíndo que o seu cliente se expresaba con perfecta lucidez e contaba uns feitos tan verosímiles, aínda que estraños, o mozo avogado deixou os seus expedientes, pousou o cóbado esquerdo sobre a mesa, apoiou a cabeza na man e fitou ó coronel.

—¿Sabe vostede, señor —preguntoulle interrompéndoo—, que eu son o avogado da condesa Ferraud, viúva do coronel Chabert?

—¡A miña muller! Si, señor. Por iso, despois de cen dilixencias infructuosas con xente de leis, que todas me tomaron por tolo, determinei recorrer a vostede. Xa lle falarei das miñas desventuras máis tarde. Déixeme primeiro establece-los feitos, explicarlle máis ben cómo deberon de ocorrer que cómo ocorreron. Circunstancias que só Deus debe coñecer obríganme a presentar varias como hipóteses. Así, señor, as feridas que recibín debéronme produci-lo tétano ou unha crise análoga a unha enfermidade chamada, segundo creo, catalepsia. Se non ¿como concibir que, segundo é costume na guerra, me despoxasen das roupas e botasen na fosa dos soldados os encargados de enterra-los mortos? Aquí, permítame que lle conte un detalle que só puiden coñecer posteriormente ó feito que hai que lle chama-la miña morte. En 1814 atopei, en Stuttgart, cun antigo sarxento de cabalería do meu rexemento. Este bo home, o único que me quixo recoñecer, e de quen lle falarei de seguida, explicoume o fenómeno da miña conservación dicindo que

o meu cabalo recibira unha bala no flanco no momento en que eu mesmo resultei ferido. O cabalo e mailo cabaleiro foron abatidos coma un castelo de naipes. Ó caer, fora á dereita, fora á esquerda, seguramente me cubriu o corpo da miña cabalgadura, o que impediu que me esmagasen os cabalos ou que me alcanzasen as balas. Cando volví en min, estaba nunha posición e nunha atmosfera da que non lle daría unha idea nin falando ata mañá. O pouco aire que respiraba era mefítico. Quíxenme mover e non atopei espacio. Abrín os ollos e non vin nada. A escaseza de aire foi o accidente máis ameazador e o que me informou máis claramente sobre a miña posición. Comprendín que, alí onde estaba, o aire non se renovaba e que ía morrer. Esta idea quitoume a sensación de dor indicible, por causa da cal espertara. Os oídos resoáronme violentamente. Oír, ou crin oír, non quero afirmar nada, os laios lanzados polo mundo dos cadáveres no medio dos que xacía. Anque a memoria daqueles momentos sexa tan tenebrosa, anque os meus recordos sexan tan confusos, a pesar das impresións de sufrimentos aínda máis profundos que tiven que experimentar máis tarde e que me confundiron algo as ideas, ¡hai noites nas que aínda creo que oí aqueles suspiros afogados! Pero houbo algo máis horrible cós berros, un silencio que non volví atopar en ningures, o verdadeiro silencio da tumba. Por fin, levantando as mans, apalpando os mortos, descubrín un oco entre a miña cabeza e o esterco humano superior. Así puíden medi-lo espacio que me deixara un azar do cal descoñecía a causa. Semella que, debido ó descoído ou á precipitación coa que nos tiraran en gran confusión, dous mortos cruzáranse enriba de min de maneira que describían un ángulo semellante ó de dúas cartas apoiadas unha contra a outra por un neno que pon os fundamentos dun castelo de naipes. Furgando vivamente, pois cumpría non se descoïdar, atopei moi a punto un brazo solto, ¡o brazo dun Hércules! un bo óso ó que lle debo a salvación. ¡Sen aquel socorro inesperado, tería perecido! Mais, cunha carraxe que ben pode concibir, púxenme a aparta-los cadáveres que me separaban da capa de terra que sen dúbida botaran por riba de nós, digo nós ¡coma se alí houbese vivos! ¡Traballei arreo, señor, pois que aquí estou! Mais aínda hoxe non sei como dei perforado a capa de carne que poñía unha barreira entre a vida e mais eu. ¡Dirame vostede que tiña tres brazos! Aquela panca que utilizaba con destreza proporcionábame un pouco do aire que se encontraba entre os cadáveres que ía desprazando, e eu intentaba non respirar moito. Por fin vin o día, señor, ¡mais a través da neve! Nese momento decateime de que tiña a cabeza aberta. Por sorte, o meu sangue, o dos meus compañeiros, ou a pel ferida do meu cabalo, ¿que sei eu?, ó coagularse recubrírame de algo así coma un emplasto natural. A pesar daquela costra, cando o cranio me entrou en contacto coa neve esvaecín. Emporiso, a pouca calor que me restaba fundiu a neve ó redor e, cando recobrei o coñecemento, atopeime no centro dunha pequena abertura pola que berrei canto puíden. Naquel momento saía o sol, tiña poucas probabilidades de que me oísen. ¿Xa andaría xente nos campos? Erguinme facendo un resorte cos pés, o punto de apoio eran os defuntos que tiñan os riles sólidos. Ben comprenderá que non era o momento de dicirlles: ¡Respecto ó valor infortunado! Resumindo, señor, despois de te-la dor, se a palabra pode expresa-la miña rabia de ver durante moito tempo, ¡oh si, moito tempo! cómo eses condenados alemáns fuxían cando oían unha voz e non vían a ninguén, extraeume por fin unha muller bastante ousada ou bastante curiosa para achegarse á miña cabeza que semellaba medrar na terra coma un cogomelo. Aquela muller foi buscar ó seu home e, entre os dous, leváronme á súa pobre casopa. Parece ser que sufrín unha recaída de catalepsia, desculpe por esta expresión para describir un estado do que non teño nin idea, pero que xulguei, polo que dixeran os meus anfitrións, que debía ser un efecto desa doenza. Durante seis meses estiven entre a vida e a morte, sen falar ou desvariando cando o facía. Ó cabo, os meus anfitrións conseguiron que me admitisen no hospital de Heilsberg. Como comprenderá, señor, eu saíra do ventre da fosa tan nu coma do ventre de miña nai; de maneira que, seis meses máis tarde, cando, unha boa mañá, lembrei que eu fora o coronel Chabert, e ó recupera-la razón quixen que os meus coidadores me tivesen máis respecto có que lle concedían a un pobre diabo, tódolos compañeiros da sala botaron a rir. Por sorte para min, o cirurxián respondera, por amor propio, da miña curación e interesárase espontaneamente polo seu doente. Cando lle falei de modo razoable da miña existencia anterior, aquel excelente home, chamado Sparchmann, fixo constar, nas formas xurídicas requiridas polas leis do país, a maneira milagrosa en que eu saíra da fosa dos mortos, o día e a hora en que me encontraran a miña benfeitora e mailo seu home, o tipo e a posición exacta das miñas feridas, unindo a estes diferentes testemuños unha descrición da miña persoa. Pois ben, señor, ¡non teño nin estes documentos importantes, nin a declaración que fixen ante un notario de Heilsberg, coa mira de establece-la miña identidade! Desde o día en que me botaron desa vila debido ós acontecementos da guerra, erreí constantemente coma un vagabundo, mendigando o meu pan, considerado como tolo cando contaba a miña aventura, e sen atopar nin gañar un pataco para conseguí-las actas que podían proba-las miñas palabras e devolverme á vida social. Moitas veces, as miñas dores retíñanme durante semestres enteiros en pequenas vilas onde lle prodigaban coidados ó francés doente, pero onde lle rían diante do nariz a este home en canto pretendía se-lo coronel Chabert. Durante moito tempo, aqueles risos, aquelas dúbidas producíanme un furor que me prexudicou e mesmo fixo que me encerrasen por tolo en Stuttgart. ¡A verdade, segundo pode vulgar polo meu relato, é que había razóns abondo para encerrar a un home! Despois de dous anos de detención que tiven que padecer, despois de lles oír mil veces ós meus gardiáns dicir: "¡Velaí un pobre home que se cre o coronel Chabert!", e á xente responder: "¡Pobre home!", quedei convencido da imposibilidade da miña propia aventura, virei triste, resignado, tranquilo, e renunciei a chamarme coronel Chabert para poder saír de prisión e volver ver a Francia. ¡Oh, señor!, ¡volver ver a París! Era un delirio que eu non...

Con esta frase inacabada, o coronel Chabert caeu nun profundo soño que Derville respectou.

—Un bo día, señor —continuou o cliente—, un día de primavera, déronme a liberdade e dez táleros, co pretexto de que falaba con moita sensatez sobre toda clase de asuntos e de que xa non dicía que era o coronel Chabert. Abofé que daquela, e aínda agora, por momentos, o meu nome resulta para min desagradable. Querería non ser eu. O sentimento dos meus dereitos mátame. Se esta doenza me tivese quitado toda a memoria da miña existencia pasada, ¡sería feliz! Volvería ó servizo cun nome calquera, e, ¿quen sabe? igual xa era mariscal de campo en Austria ou en Rusia.

—Señor —interveu o avogado—, confúndeme vostede as ideas. Paréceme que estou soñando ó escoitalo. Por caridade, paremos un pouco.

—É vostede —dixo o coronel cun aire melancólico— a única persoa que me escoitou con tanta paciencia. Ningún home de leis me quixo adiantar dez napoleóns para mandar vir de Alemaña as probas necesarias para comeza-lo proceso...

—¿Que proceso? —preguntou o avogado, que esquecía a dolorosa situación do seu cliente escoitando o relato das súas miserias pasadas.

—Pois, señor, ¿non é a condesa Ferraud a miña muller? Ela ten máis de trinta mil libras de renda que me pertencen, e non me quere dar nin dous oitavos. Cando lles digo estas cousas ós avogados, a homes sensatos; cando lles propoño, eu, esmoleiro, preitear contra un conde e unha condesa; cando me levanto, eu, morto, contra un acta de defunción, unha acta de matrimonio e actas de nacemento, bótanme fóra, segundo o seu carácter, ou co aire friamente cortés que vostede sabe adoptar para desembarazarse dun desgraciado, ou brutalmente, coma quen dá cun intrigante ou cun tolo. A min soterráronme baixo dos mortos; mais agora estou soterrado baixo vivos, actas, feitos, baixo a sociedade enteira, ¡que me quere volver meter baixo terra!

—Señor, teña a bondade de proseguir agora —dixo o avogado.

—*Teña a bondade* —exclamou o infortunado vello, collendo a man do mozo—, velaí a primeira palabra amable que oíu desde...

O coronel rompeu a chorar. A gratitude afogoulle a voz. Esa penetrante e inefable elocuencia, que está na ollada, no aceno, no silencio mesmo, acabou de convencer a Derville e emocionouno profundamente.

—Escoite, señor —díxolle ó seu cliente—, esta noite gañei trescentos francos no xogo; ben podo emprega-la metade desta suma en face-la felicidade dun home. Vou comeza-los trámites e dilixencias necesarios para conseguirlle esas probas das que me fala, e mentres non cheguen voulle dar cen moedas ó día. Se vostede é o coronel Chabert, saberalle perdoar o módico do préstamo a un mozo que aínda non fixo fortuna. Prosiga.

O presunto coronel permaneceu un momento inmóbil e estupefacto: sen dúbida, a súa extrema desgracia destruíralle as crenzas. Se corría tanto tras da súa reputación militar, tras da súa fortuna, tras de si mesmo, quizabes o fixese obedecendo a ese sentimento inexplicable que xermola no corazón de tódolos homes, e ó que debémo-las pescudas dos alquimistas, a paixón pola gloria, os descubrimentos da astronomía, da física, todo o que empuxa o home a medrar multiplicándose en feitos e en ideas. O *ego*, no seu pensamento non era máis que un obxecto secundario, igual que a vaidade do triunfo ou o pracer de ganar se fan máis queridos ó xogador có obxecto da aposta. As verbas do mozo avogado foron, pois, coma un milagre para aquel home rexeitado durante dez anos pola súa muller, pola xustiza, pola sociedade enteira. ¡Atopar nun avogado aquelas dez moedas de ouro que se lle negaran tanto tempo, tantas persoas e de tantas maneiras! O coronel asemelláballe a aquela dama que, despois de ter febre durante quince anos, creu que cambiaba de enfermidade o día que sandou. Hai felicidades nas que xa non se cre; chegan e son coma o raio, consumen a un. De tal xeito era o agradecemento do pobre home demasiado vivo para que o puidese expresar. A un observador superficial pareceríalle frío, pero Derville adiviñou toda a probidade que había naquel estupor. Se fose un galopín había dar coas palabras.

—¿Por onde ía eu? —preguntou o coronel, coa inxenuidade dun neno ou dun soldado, pois ás veces hai moito de neno no verdadeiro soldado, e case sempre hai algo de soldado no neno, sobre todo en Francia.

—Por Stuttgart. Saía vostede da prisión —respondeu o avogado.

—¿Coñece vostede a miña muller? —preguntou o coronel.

—Si —respondeu Derville, inclinando a cabeza.

—¿Como está?

—Encantadora, coma sempre.

O vello fixo un aceno coa man, e pareceu devorado por algunha dor secreta con esa resignación grave e solemne que caracteriza ós homes probados a sangue e fogo no campo de batalla.

—Señor —dixo cunha especie de alegría; pois respiraba aquel pobre coronel, saía por segunda vez da tumba, acababa de derreter unha capa de neve menos soluble ca aquela que un día lle xeara a testa, e aspiraba o ar coma se saíse dun calabozo—; señor —dixo—, se eu fose un guapo mozo non me ocorrería ningunha destas desgracias. As mulleres cren á xentes cando lles enche as frases coa palabra *amor*. Daquela trotan, van, fan por catro, intrigan, afirman os feitos, fan o diño por quen lles gusta. ¿Como podería eu interesar a unha muller? Con aquela cara de *réquiem*, vestido coma un revolucionario, máis semellaba un esquimó que un francés. ¡Eu que pasaba por se-lo máis xeitoso dos soldados realistas, en 1799! Eu, Chabert, ¡conde do Imperio! En fin, o mesmo día en que me botaron á rúa coma un can, atopei ó sarxento de cabalería do que xa lle falei. O camarada chamábase Boutin. O pobre diabo e mais eu facíamo-lo máis fermoso par de facos que endexamais eu vira. Atopeino no paseo; se ben eu o recoñecín, a el foille imposible adiviñar que era eu. Fomos xuntos a unha taberna. Alí, cando lle dixeran o meu nome, a boca de Boutin abriuse nunha gargallada coma un morteiro que rebenta. ¡Esa alegría, señor, causoume unha viva pena! ¡Revelábame, sen disimulo, tódolos cambios que ocorreran en min! ¡Estaba irrecognitionable, mesmo para o ollo do máis humilde e do máis agradecido dos meus amigos! Noutro tempo eu salváralle a vida a Boutin; pero era un desquite que lle debía. Non lle direi cómo me fixo ese servizo. A escena tivo lugar en Italia, en Rávena. A casa onde Boutin impediu que me apuñalasen non era unha casa moi decente. Naquela época eu non era coronel, era un simple soldado de cabalería coma Boutin. Por sorte, aquela historia comportaba detalles que só podían ser coñecidos por nós dous: e cando llos recordei, a súa incredulidade diminuíu. Despois conteille os accidentes da miña insólita existencia. Aínda que os meus ollos e a miña voz estivesen, dicía el, singularmente alterados, que xa non tivese nin cabelos, nin dentes, nin cellas, e que estivese branco coma un albino, acabou por recoñecer ó seu coronel naquel mendigo, despois de mil preguntas ás que eu respondín victoriosamente. Contoume as súas aventuras, non eran menos extraordinarias cás miñas: volvía dos confins da China, onde quixera penetrar despois de escapar de Siberia. Comunicoume os desastres da campaña de Rusia e a primeira abdicación de Napoleón. ¡Esta noticia foi unha das cousas que máis dano me causou! Eramos dúas escouras estrañas, despois de rodar así polo globo como rodan polo océano os coiros que levan dunha ribeira á outra as tempestades. Nós dous viramos Exipto, Siria, España, Rusia, Holanda, Alemaña, Italia, Dalmacia, Inglaterra, China, Tartaria, Siberia, ¡só nos faltaba ir ás Indias e a América! En fin, tendo as pernas máis lixeiras ca min, Boutin encargouse de ir a París o máis rapidamente posible co fin de informar á miña muller do estado en que me encontraba. Escribinlle a madame Chabert unha carta moi detallada. ¡Era a cuarta, señor! Se eu tivese parentes, todo isto non había pasar; pero, teño que llo confesar, son un fillo do hospicio, un soldado que tiña por todo patrimonio o seu valor, por familia todo o mundo, por patria Francia, por todo protector o Bo Deus. ¡Engánome! tiña un pai, ¡o Emperador! ¡Ah! ¡Se estivese de pé, aquel home querido! E se vise ó *seu Chabert*, como el me chamaba, no estado en que estou, cómo se había enfurecer. ¡Que lle quere! O noso sol púxose, agora todos temos frío. Despois de todo, os acontecementos políticos podían xustifica-lo silencio da miña muller. Boutin partiu. ¡El era feliz! Tiña dous osos brancos marabillosamente adestrados que lle daban para vivir. Eu non o podía acompañar; os meus padecementos non me permitían facer etapas longas. Chorei, señor, cando nos separamos, despois de andar todo o que o meu estado me permitiu, na compañía dos seus osos e mais del. En Carlsruhe tiven un acceso de neuralxia na cabeza, ¡e estiven seis semanas na palla, nunha pousada! Non remataría nunca, señor, se tivese que lle contar tódalas desgracias da miña vida de mendicante. Os sufrimentos morais, que fan palidece-las dores físicas, provocan sen embargo menos compaixón, porque non se ven. Lembro que chorei diante dun pazo de Estrasburgo onde eu dera unha festa hai moito tempo, e onde non me deron nada, nin sequera un anaco de pan. Como determinara, de acordo con Boutin, o itinerario que había seguir, ía a cada despacho de correos preguntar se había unha carta e diñeiro para min. Cheguei ata París sen atopar nada. ¡Canta desesperación tiven que soportar! "Se cadra Boutin morreu", pensaba. En efecto, o pobre diabo sucumbira en Waterloo. Souben da súa morte máis tarde e por casualidade. Seguramente que a súa misión ante a miña muller fora infrutuosa. Por fin entrei en París, ó mesmo tempo cós cosacos. Para mín era dor tras dor. Vendo os rusos en Francia xa non pensaba en que non tiña nin zapatos nos pés nin cartos no peto. Si, señor, levaba a roupa esfarrapada. A véspera da miña chegada vinme forzado a acampar nas fragas de Clay. Debeu se-lo frescor da noite o que me causou un acceso de non sei que enfermidade,

que se apoderou de min cando atravesaba o arrabalde de Saint-Martin. Caín case sen sentido á porta dun comerciante en ferros. Cando acordei estaba nunha cama do hospital do Hôtel-Dieu. Alí estiven durante un mes, bastante feliz. Logo, botáronme fóra; estaba sen cartos, pero ben de saúde e no bo pavimento de París. ¡Con que alegría e con que rapidez fun á rúa Mont-Blanc, onde a miña muller debía morar nun pazo de meu! ¡Bah!, a rúa Mont-Blanc chamábase agora rúa Chaussée-d'Antin. Non vin alí o meu pazo, vendéranlo e demoléranlo. Os especuladores edificaran varias casas nos meus xardíns. Ignorando que a miña muller casara con *monsieur* Ferraud, non podía obter ningunha información. Finalmente fun cabo dun vello avogado que se encargara dos meus asuntos noutro tempo. O bo do home morrera tras cederlle a súa clientela a un rapaz novo. Este informoume, para grande asombro meu, da apertura da miña sucesión, a súa liquidación, o casamento da miña muller e o nacemento dos seus dous fillos. Cando eu lle dixen que era o coronel Chabert, botou a rir tan francamente que me fun de alí sen lle face-la máis mínima observación. A miña detención en Stuttgart fíxome pensar en Charenton³, así que resolvín actuar con prudencia. Entón, señor, sabendo onde vivía a miña muller, encamiñeime cara ó seu pazo, co corazón cheo de esperanza. Pois ben –dixo o coronel, cun movemento de rabia concentrada–, non me recibiron cando me anunciei cun nome falso; e, o día que utilicei o meu puxéronme na porta. Por ver á condesa ó volver do baile ou do espectáculo, de madrugada, permanecín noites enteiras pegado ó marco da porta cocheira. A miña mirada afundiase dentro daquel coche que me pasaba diante dos ollos coa velocidade dun lóstrego, e onde a penas albiscaba aquela muller que é miña e que xa non é a miña. ¡Oh!, desde ese día vivín para a vinganza –exclamou o vello cunha voz xorda, erguéndose de repente diante de Derville–. Ela sabe que existo; desde que volví, recibiu dúas cartas escritas por min mesmo. ¡Xa non me ama! ¡Eu, ignoro se a amo ou a se a odio! Tan pronto a desexo como a maldigo. Débeme a súa fortuna, a súa felicidade; ¡e non me mandou nin o máis mínimo socorro! Hai momentos en que xa non sei o que vai ser de min.

Tras destas palabras, o vello soldado deixouse caer na cadeira de novo e quedou inmóbil. Derville permaneceu silencioso, contemplando o seu cliente.

—O asunto é grave –dixo por fin maquinalmente. Mesmo admitindo a autenticidade dos documentos que se deben encontrar en Heilsberg, non me parece seguro que poidamos triunfar tan axiña. O proceso pasará sucesivamente por tres tribunais. Hai que meditar coa cabeza tranquila sobre semellante causa que é absolutamente excepcional.

—¡Oh! –respondeu friamente o coronel, erguendo a cabeza cun aceno de orgullo –se sucumbo, saberei morrer, pero en compañía.

Agora, o vello desaparecera. Os ollos do home enérxico brillaban co lume do desexo e da vinganza.

—Tal vez haxa que transixir –dixo o avogado.

—¡Transixir! –repetiu o coronel Chabert–. ¿Eu estou morto ou vivo?

—Señor –retrucou o avogado–, vostede seguirá, así o espero, os meus consellos. A súa causa será a miña. De seguida se ha dar conta do interese que teño pola súa situación, sen parangón nos fastos xudiciais. Entrementres, voulle dar unha carta para o meu notario, quen lle dará, contra un recibo seu, cincuenta francos cada dez días. Non sería conveniente que vostede viñese aquí buscar esas axudas. Se vostede é o coronel Chabert, non debe estar á mercé de ninguén. Eses adiantos serán como un préstamo. Ten vostede bens que recuperar, é rico.

Esta última delicadeza arrincoulle bágoas ó ancián. Derville levantouse bruscamente, pois quizá non era o costume que un avogado se emocionase; pasou ó seu gabinete, de onde volveu cunha carta sen lacrar que lle entregou ó conde Chabert. Cando o pobre home a tivo entre os dedos, notou dúas moedas de ouro a través do papel.

—¿Quere face-lo favor de designarme as actas, dar-me o nome da vila e do reino? –dixo o avogado.

O coronel deulle a información, verificando a ortografía dos nomes dos lugares; despois colleu o chapeo cunha man, mirou a Derville, tendeu a outra, unha man calosa, e dixo cun ton simple:

—¡Abofé, señor, despois do Emperador é vostede o home a quen máis lle debo! É vostede un *valente*.

O avogado bateu na man do coronel, acompañouno ata a escaleira e alumoulle.

—Boucard —díxolle Derville ó seu Oficial maior—, acabo de oír unha historia que quizais me custou vintecinco luíses. Se me rouban non hei sentir dos cartos, pois que terei visto o máis hábil comediante da nosa época.

Cando o coronel se encontrou na rúa, diante dun farol, retirou da carta as dúas moedas de vinte francos que lle dera o avogado e mirounas durante un momento á luz. Era a primeira vez que volvía ver ouro dende había nove anos.

"Ata vou poder fumar puros", pensou.

Arredor de tres meses despois desta consulta, feita a horas nocturnas polo coronel Chabert a Derville, o notario encargado de paga-lo medio soldo que o avogado lle daba ó seu especial cliente foino ver para falar sobre un asunto grave, e comezou por lle reclamar seiscentos francos entregados ó vello militar.

—¿Seica te divirtes en mante-lo vello exército? —díxolle, rindo, este notario, chamado Crottat, un rapaz que acababa de compra-la notaría na que fora Oficial maior, da que fuxira o seu patrón deixando unha tremenda quebra.

—Agradézoche, querido mestre, que me lembres ese asunto. A miña filantropía non irá máis aló de vintecinco luíses, xa temo que fose vítima do meu patriotismo.

No momento en que Derville terminaba a frase, viu sobre o seu escritorio uns paquetes que o seu Oficial maior depositara alí. Chamoulle a atención o aspecto duns timbres oblongos, cadrados, triangulares, vermellos e azuis, estampados sobre unha carta polos correos prusiano, austríaco, bávaro e francés.

— ¡Ah! —dixo, rindo—, velaquí o desenlace da comedia. Iremos ver se me atraparon.

Colleu a carta e abriuna, mais non puido ler cousa porque estaba escrita en alemán.

—Boucard, vaia vostede mesmo a que lle traduzan esta carta, e volva inmediatamente —díxolle Derville, abrindo un pouco a porta do seu gabinete e dándolle a carta ó Oficial.

O notario de Berlín a quen se dirixira o avogado anunciáballe que lle habían chega-las actas solicitadas uns días despois daquela carta de aviso. As probas estaban, dicía, perfectamente en regra, e acompañadas das legalizacións necesarias para testificar perante a xustiza. Ademais, comunicáballe que case tódalas testemuñas dos feitos establecidos polas declaracións vivían en Prussich-Eylau; e que a muller á que o señor conde Chabert debía a vida aínda vivía nun dos arrabaldes de Heilsberg.

—Isto empeza a ir en serio —exclamou Derville, cando Boucard rematou de darlle a substancia da carta—. Pero entón, meu fillo —seguiu, dirixíndose ó notario—, vou necesitar información que debe estar na túa notaría. Non foi na casa dese vello galopín de Rouguin...

—Nós dicímo-lo infortunado, o coitado Rouguin, replicou o letrado Alexandre Crottat, rindo e interrompendo a Derville.

—¿Non foi na casa dese infortunado que acaba de marchar con oitocentos mil francos dos seus clientes e de reducir varias familias á desesperación onde se fixo a liquidación da herdanza Chabert? Paréceme que vin iso nos nosos documentos Ferraud.

—Si —respondeu Crottat—, eu era daquela terceiro escribán, copiei e estudiei ben aquela liquidación. Rose Chapotel, esposa e viúva de Hyacinthe, nomeado Chabert, conde do Imperio, grande oficial da Lexión de Honra; estaban casados sen contrato, polo tanto tiñan bens comúns. Polo que eu podo recordar, o activo elevábase a seiscentos mil francos. Antes do seu casamento, o conde Chabert fixera un testamento a favor dos hospicios de París, polo cal lles asignaba a cuarta parte da fortuna que posuíse no momento do seu pasamento, o erario público herdaría a cuarta parte restante. Houbo licitación, venda e partillas, porque os avogados apuraron moito. No momento da liquidación, o monstro que gobernaba entón en Francia⁴ concedeu por decreto a parte do fisco á viúva do coronel.

—Logo a fortuna persoal do coronel non ascendería máis que a trescentos mil francos.

—¡Obviamente, amigo meu! —respondeu Crottat—. Vós, os avogados, atinades, ás veces, aínda que se vos acuse de falsidade preiteando tanto a favor coma en contra.

O conde Chabert, do que se podía le-lo enderezo debaixo do primeiro recibo que lle entregara ó notario, vivía no barrio de Saint-Marceau, rúa do Petit-Banquier, na casa dun antigo sarxento da garda imperial, que agora vendía leite e que se chamaba Vergniaud. Cando chegou aló, Derville tivo que ir a pé en busca do seu cliente pois o cocheiro negouse a entrar por unha rúa sen pavimentar e coas rodeiras fondas de máis para as rodas dun cabriolé. Mirando para tódolos lados, o avogado acabou por atopar, na parte desta rúa que toca ó bulevar, entre dous valados construídos con osamenta e terra, dúas ruíns pilastras de coios, que o paso dos coches esportelara malia dous anacos de madeira postos a modo de marcos. Esas pilastras sostiñan unha trabe cuberta cun capucho de tellas, sobre a cal estaba escrito en vermello: vergniaud, LEITERÍA. Á dereita deste nome víanse uns ovos e á esquerda unha vaca, todo pintado en branco. A porta estaba aberta, e así quedaba sen dúbida todo o día. Ó fondo dun patio bastante espacioso elevábase, fronte á porta, unha casa, se é que se lle pode dar ese nome a un deses chamizos construídos nos arrabaldes de París, que non son comparables con nada, nin sequera coas máis ruíns casopas do campo, das que teñen a miseria sen te-la poesía. En efecto, no medio dos campos, as cabanas aínda teñen esa gracia que lles dá a pureza do aire, o verdor, a vista dunhas leiras, un outeiro, un camiño tortuoso, as viñas, unha sebe, os liques das pallozas e os utensilios campestres; pero, en París, a miseria só se engrandece polo seu horror. Aínda que construída recentemente, aquela casa semellaba estar a piques de se derrubar. Ningún dos materiais tiña alí o seu verdadeiro destino, todos proviñan das demolicións que se fan diariamente en París. Derville leu nunha contra feita coas táboas dun rótulo: *Almacén de novidades*. As ventás non se parecían nada entre si e estaban estrañamente colocadas. A planta baixa, que parecía se-la parte habitable, alzábase nunha banda, mentres que na outra os cuartos quedaban enterrados por unha prominencia. Entre a porta e a casa estendíase unha charca chea de esterco por onde corrían as augas pluviais e domésticas. A parede sobre a que se apoiaba aquela pobre vivenda, e que parecía ser máis sólida cás outras, estaba provista de compartimentos con reixas onde auténticos coellos criaban as súas numerosas familias. Á dereita da porta cocheira atopábase a vacariza cuberta por unha palleira, que comunicaba coa casa por unha leitería. Á esquerda había un curral, a corte dos cabalos e un cuberto para os porcos rematado, coma o da casa, con táboas ruíns de madeira branca cravadas unhas noutras e mal recubertas con xuncos. Coma case tódolos lugares onde se cocíñan os elementos da gran comida que París devora cada día, o patio no que Derville puxo os pés mostraba as trazas da precipitación esixida pola necesidade de chegar a horas fixas. Eses grandes xerros de latón abolados nos que se transporta o leite, e os cacharros que conteñen a tona, estaban tirados en desorde diante da leitería, cos seus tapóns de trapo. Os farrapos afurcados que servían para limpalos flotaban ó sol, estendidos nunhas cordas atadas a estacas. Un pacífico cabalo, desa raza que só se atopa nas leiterías, dera uns pasos diante da carreta e permanecía ante a porta pechada da súa corte. Unha cabra comía nos pámpanos da videira feble e poeirenta que cubría a parede amarelecida e agretada da casa. Había un gato encollido sobre os cacharros da tona, lambéndoos. As galiñas, asustadas ante a proximidade de Derville, voaron cacarexando, e o can de garda ladrou.

"¡Vaites, vaites! ¡O home que decidiu a sorte da batalla de Eylau vivirá aquí!" —pensou Derville, abranguendo cunha soa ollada o conxunto daquel innobre espectáculo.

A casa quedara so a protección de tres rapacetes. Un, empoleirado no cumio dun carro cargado de herba verde, tiraba pedras no conducto da cheminea da casa veciña esperando que caesen no pote. Outro intentaba montar un porco na parte do carro que tocaba ó chan; mentres que o terceiro, colgado no outro extremo, esperaba que o porco estivese alí para levantalo facendo bascula-lo carro. Cando Derville lles preguntou se era alí onde vivía o señor Chabert, non respondeu ningún, e mirárono os tres cunha estupidez espiritual, se se permite aliar estas dúas palabras. Derville repetiu as preguntas sen éxito. Impacientado polo aire burlón dos tres pillabáns díxolles uns deses insultos divertidos que os mozos cren que teñen dereito a lles dirixir ós meniños, e os rapacetes romperon o silencio cun riso brutal. Derville enfadouse. O coronel, que o oíra, saíu dun pequeno cuarto baixo situado a carón da leitería e apareceu no limiar da súa porta cunha flegma militar indicible. Levaba na boca unha desas pipas moi ben *curadas* (expresión técnica dos fumadores), unha desas humildes pipas de louza chamadas *brûle-gueules*. Levantou a viseira dunha gorra horriblemente graxenta, viu a Derville e atravesou polo esterco, para chegar antes ata o seu benfeitor, berrándolles amigablemente ós mocíños : "¡Silencio nas filas!". Os nenos gardaron de contado un silencio respectuoso que mostraba o imperio que exercía sobre eles o vello soldado.

—¿Por que non me escribiu? —díxolle a Derville—. Veña pola beira da vacariza. Mire, por alí, o camiño está pavimentado —indicoulle, ó ve-la indecisión do avogado, que non quería luxa-los pés no esterco.

Saltando, Derville chegou ó limiar da porta por onde saíra o coronel. Chabert parecía bastante contrariado

por verse obrigado a recibilo no cuarto que ocupaba. En efecto, Derville non viu máis ca unha soa cadeira. O leito do coronel consistía nuns feixes de palla sobre os que a súa anfitrióna estendera dous ou tres retallos desas vellas tapicerías, recollidas quen sabe ónde, que lles serven ás leiteiras para gornece-los bancos das súas carretas. O chan era simplemente de terra batida. As paredes, cubertas de salitre, verdosas e agretadas, desprendían unha humidade tan forte, que o muro contra o que durmía o coronel estaba tapizado por unha capa de xunco. O famoso *carrick* pendía dun cravo. Nun recanto había dous ruíns pares de botas. Ningún vestixio de roupa branca. Sobre a mesa relada, os *Bulletins de la Grande Armée*, reimprimidos por Plancher, estaban abertos e semellaban se-la lectura do coronel, a fisionomía do cal aparecía tranquila e serena no medio daquela miseria. A súa visita a Derville parecía que cambiara o carácter dos seus trazos nos que o avogado atopou vestixios dun pensamento feliz, un resplandor especial que lle dera a esperanza.

—¿Moléstao o fume da pipa? —preguntoulle ó avogado, achegándolle a cadeira medio esportelada.

—Pero, coronel, vive vostede horriblemente mal aquí.

A desconfianza natural dos avogados e a deplorable experiencia que lles dan moi cedo os espantosos dramas descoñecidos ós que asisten, arrincáronlle aquela frase a Derville.

"Velaí", pensou, "un home que seguramente empregou os meus cartos en satisfice-las tres virtudes teológicas da tropa: o xogo, o viño e as mulleres".

—É verdade, señor, aquí non brillamos polo luxo. É un campamento temperado pola amizade, mais... —aquí, o soldado lanzoulle unha ollada profunda ó home de leis—, eu non fago mal a ninguén, nunca rexeitei a ninguén, e durmo tranquilo.

O avogado pensou que sería pouco delicado pedir contas ó seu cliente das sumas que lle adiantara e contentouse con dicirlle:

—¿Por que non quere logo vir a París, onde podería vivir tan economicamente como vive aquí e estaría mellor?

—¡Pero —respondeu o coronel— esta boa xente coa que vivo recolleume na súa casa e dáme de comer gratis desde hai un ano! ¿Como os ía abandonar agora que teño un pouco de diñeiro? Ademais o pai destes tres cativos é un *exipcio*...

— ¿Como, un *exipcio*?

—Chamámoslle así á tropa que volveu da expedición de Exipto na que eu tomei parte. Non só todos eses que volveron son un pouco meus irmáns, senón que ademais Vergniaud estaba daquela no meu rexemento, compartímo-la auga no deserto. Ademais, aínda non acabei de lles ensinar a ler ós seus meniños.

—Pois podía albergar mellor, cos cartos que ten vostede.

—¡Boh! —dixo o coronel—, os seus fillos dormen coma min, ¡na palla! A súa muller e mais el non teñen un leito mellor; son moi pobres, ¿sabe? Colleron un negocio superior ás súas forzas. ¡Pero se eu recupero a miña fortuna!... En fin, ¡xa abunda!

—Coronel, vou recibir mañá ou pasadomañá as súas actas de Heilsberg. ¡A súa salvadora aínda vive!

—¡Maldito diñeiro! ¡E pensar que eu non o teño! —exclamou, guindando a cachimba no chan.

Unha pipa *curada* é unha pipa preciosa para un fumador; pero foi un xesto tan natural, un movemento tan xeneroso, que tódolos fumadores e mesmo a Compañía de Tabacos lle habían perdoar aquel crime de leso tabaco. Os anxos quizais recollerían os anacos.

—Coronel, ó seu caso é excesivamente complicado —díxolle Derville, saíndo do cuarto para ir pasear ó sol rentes da casa.

—A min paréceme perfectamente simple —dixo o soldado—. Pensaron que estaba morto, ¡pero aquí estou!

Devólvame a miña muller e a miña fortuna; déanme o grao de xeneral ó que teño dereito pois era coronel da garda imperial a véspera da batalla de Eylau.

—As cousas non lle son así no mundo xudicial —retrucou Derville—. escoite. Vostede é o conde Chabert, eu creoo, pero hai que llo probar xudicialmente a xentes que teñen moito interese en nega-la súa existencia. Xa que logo, as súas actas serán discutidas. Esta discusión traerá dez ou doce cuestións preliminares. Todas irán contradictoriamente ata a corte suprema, e constituirán outros tantos procesos custosos, que se alongarán, por moito que eu faga. Os seus adversarios demandarán unha investigación á que non nos podemos negar, e que necesitará, se cadra, unha comisión rogatoria en Prusia. Mais botemos de conta que ocorre o mellor: admitamos que sexa recoñecido con prontitude pola xustiza que é vostede o coronel Chabert. ¿Sabemos como será xulgada a cuestión suscitada pola bigamia, tan inocente, da condesa Ferraud? Na súa causa o punto de dereito está fóra do código, e só pode ser xulgado polos xuíces segundo as leis da conciencia, como fai o xurado nas cuestións delicadas que comporta a rareza social dalgúns procesos criminais. Agora ben, vostede non tivo fillos do seu matrimonio, e o señor conde Ferraud ten dous do seu, os xuíces poden declarar nulo o matrimonio no que se atopan os lazos máis febles, en proveito do matrimonio que comporta os máis fortes, desde o momento en que houbo boa fe por parte dos contraentes. ¡Estaría vostede nunha bonita posición moral pretendendo tenazmente ter, á súa idade e nas circunstancias en que se atopa, unha muller que xa non o ama! Vai ter en contra a unha muller e ó seu home, dúas persoas poderosas que poderán influír nos tribunais. O proceso ten, polo tanto, elementos como para durar. Terá tempo de envellecer coas coitas máis magoantes.

—¿E a miña fortuna?

—¿Cre que ten unha gran fortuna?

—¿Non tiña trinta mil libras de renda?

—Meu querido coronel, vostede fixera en 1799, antes do seu matrimonio, un testamento no que legaba a cuarta parte dos seus bens ós hospicios.

—Certo.

—Pois, crendo que vostede estaba morto, ¿non houbo que proceder a un inventario e a unha liquidación para dar ese cuarto ós hospicios? A súa muller non tivo escrúpulos en enganar ós pobres. O inventario, no que sen dúbida ela tivo moito coidado de non mencionalo diñeiro en efectivo, as xoias, a prata, e no que se estimou o valor do mobiliario en dous tercios por debaixo do prezo real, ben fose para favorecerla, ben fose para pagar menos dereitos ó fisco, e tamén porque os peritos taxadores son responsables das súas estimacións, o inventario, así feito, ascendeu a seiscentos mil francos en valores. Pola outra parte, a súa viúva tiña dereito á metade. Vendese todo, comprouno ela, beneficiouse de todo, e os hospicios levaron os seus setenta e cinco mil francos. Despois, como o fisco herdaba de vostede, xa que non mencionara a súa muller no testamento, o Emperador restituíulle por decreto á súa viúva a parte que lle correspondía ó dominio público. Agora, ¿a que ten vostede dereito? Só a trescentos mil francos, menos os gastos.

—¿E vostede chámalle a iso xustiza? —dixo o coronel, pasmado.

—Mais, certamente...

—¡Vaiche boa!

—Élle así, meu pobre coronel. Xa ve que o que parecía doado non o é. A señora Ferraud mesmo pode querer conserva-la parte que lle foi concedida polo Emperador.

—Pero ela non era viúva, o decreto é nulo...

—De acordo. Pódese preitear sobre todo. escoite. Nestas circunstancias, creo que para vostede e para ela, unha transacción sería a mellor solución do proceso. Vostede gañaría unha fortuna máis considerable ca aquela á que ten dereito.

—¿Iso sería vende-la miña muller?

—Con vinte e catro mil francos de renda, na posición en que se encontra, terá mulleres que lle han convir máis cá súa, e que o farán máis feliz. Eu conto con ir hoxe mesmo ver á señora condesa de Ferraud para sondalo terreo; mais non quixen facer esa xestión sen previlo.

—Vamos xuntos á súa casa...

—¿Coas trazas que ten? —dixo o avogado—. Non, non, coronel, non. Podería perder de todo o seu proceso...

—¿E logo pódese gañar?

—Claro que si —respondeu Derville—. Pero, meu querido coronel Chabert, vostede non repara nunha cousa. Eu non son rico, o meu cargo non está totalmente pago. Se os tribunais lle conceden unha *provisión*, é dicir unha cantidade anticipada sobre a súa fortuna, non o farán máis ca despois de recoñece-la súa condición de conde Chabert, grande oficial da Lexión de Honra.

—Vaite, son grande oficial da Lexión, nin pensaba niso —dixo con inxenuidade.

—Pois ata alí —continuou Derville—, ¿non hai que preitear, pagar avogados, levantar e liquidar xuízos, facer funciona-los alguacís, e vivir? Os gastos das instancias preparatorias elevaranse, a ollo, a máis de doce ou quince mil francos. Eu non os teño, que ando esmagado polos intereses enormes que lle pago ó que me prestou os cartos para o meu cargo. ¿E vostede? ¿Onde os vai atopar?

Grosas bágoas caeron dos ollos murchos do pobre soldado e rularon pola súas meixelas engurradas. Ante estas dificultades, desanimouse. O mundo social e o mundo xudicial pesábanlle no peito coma un pesadelo.

—Irei ó pé da columna da praza Vendôme —exclamou—, e berrarei alí: "¡Son o coronel Chabert que afundiou o gran cadro dos rusos en Eylau!". ¡O bronce, el, hame recoñecer!

—E hano meter en Charenton.

Ante aquel temido nome, a exaltación do militar desapareceu.

—¿E non tería algunha oportunidade favorable no ministerio da guerra?

—¡Oficinas! —exclamou Derville—. Vaia, pero cunha sentenza do xuíz, ben en regra, que declare nula a súa partida de defunción. As oficinas o que queren é poder aniquila-las xentes do Imperio.

O coronel quedou desconcertado por un momento, inmóbil, mirando sen ver, abismado nunha desesperación sen límites. A xustiza militar é franca, rápida, decide á turca, e case sempre xulga ben; esta xustiza era a única que coñecía Chabert. Ó percibi-lo dédalo de dificultades nas que se había que meter e ó ver canto diñeiro cumpría para viaxar, o pobre soldado recibiu un golpe mortal nesa potencia particular do home que se chama *vontade*. Parecelle imposible vivir preiteando, era para el mil veces máis simple seguir sendo pobre, mendigando, enrolarse na cabalería se algún rexemento o aceptaba. Os seus sufrimentos físicos e morais xa lle danaran o corpo nalgúns dos órganos máis importantes. Estaba ó bordo dunha desas enfermidades para as que a medicina non ten nome, o centro das cales é, dalgunha maneira, móbil coma o aparello nervioso que semella o máis atacado entre tódolos da nosa máquina, afección que habería que chamar o *spleen*⁵ da desgracia. Por grave que fose xa este mal invisible, pero real, aínda era curable cunha feliz conclusión. Para trastornar completamente esa vigorosa organización, abondaría cun obstáculo novo, un feito imprevisto que lle rompería os resortes debilitados e produciría esas dúbidas, eses actos incomprendibles, incompletos, que os fisiólogos observan nos seres estragados pola dor.

Recoñecendo entón os síntomas dun profundo abatemento no seu cliente, Derville díxolle:

—Teña valor, a solución deste asunto só lle pode ser favorable. Unicamente, mire se me pode dar toda a súa confianza, e aceptar cegamente o resultado que eu crea mellor para vostede.

—Faga como queira —dixo Chabert.

—Si, mais ¿abandónase a min coma quen vai á morte?

—¿Non vou quedar sen posición, sen nome? ¿É isto tolerable?

—Eu non o vexo así —dixo o avogado—. Iniciaremos un xuízo amigable para anula-la súa partida de defunción e o matrimonio, a fin de que recupere os seus dereitos. Será mesmo ascendido a xeneral do exército pola influencia do conde Ferraud e obterá, tal vez, unha pensión.

—De acordo —respondeu Chabert—, confío totalmente en vostede.

—Enviareille un poder para que o asine —dixo Derville—. Adeus, ánimo! Se lle fan falta cartos conte comigo.

—Chabert apertou calorosamente a man de Derville e ficou apoiado de costas na parede, sen te-la forza de o seguir máis que coa vista. Coma a tódolos que entenden pouco de asuntos xudiciais, asustábao aquela loita imprevista.

Por varias veces, durante esta conversa, asomara detrás dunha pilastra da porta cocheira a cara dun home apostado na rúa para asexar-la partida de Derville, que o abordou cando saía. Era un vello vestido cunha chaqueta azul, un mandil branco plisado coma os dos cervexeiros, que levaba na cabeza un gorro de lontra. Tiña a cara morena, moi engurrada, mais os pómulos arrubidos polo exceso de traballo e curtidos polo aire libre.

—Desculpe, señor —díxolle a Derville, colléndoo polo brazo—, se me permito falarlle, pero ó velo imaxinei que era vostede amigo do noso xeneral.

—E logo —dixo Derville—, ¿por que se interesa por el? ¿Pero quen é vostede? —replicou o avogado, receoso.

—Son Louis Vergniaud —respondeu—, e teño algo que lle dicir.

—¿Foi vostede quen albergou ó conde Chabert desta maneira?

—Perdoe, desculpe, señor, ten o mellor cuarto. Daríalle o meu, se non tivese máis ca un. Eu durmiría na corte. Un home que sufriu coma el, que lles aprende a ler ós meus cativos, un xeneral, un exipcio, o primeiro tenente ó que servín... ¿dubidaría? Nada diso, está no mellor sitio. Compartín con el o que tiña. Por desgracia, non era moito: pan, leite, ovos; en fin, ¡faise o que se pode! Co corazón. Pero el ofendeunos.

—¿El?

—Si, señor, ofendeunos, así, o que se di completamente. Eu collín un negocio superior ás miñas forzas, el ben o vía. Iso contrariábao, e el mesmo coidaba do cabalo. Eu díxenlle: "Pero, ¡meu xeneral!". "¡Boh!", dixo el, "non quero estar coma un preguiceiro, e hai moito que entendo de cabalos". Eu asináralle uns recibos polo prezo da miña vacariza a un tal Grados... ¿Coñéceo, señor?

—Mire, amigo, non teño tempo de o atender. Dígame só en qué o ofendeu o coronel.

—Ofendeunos, señor, tan certo coma que me chamo Louis Vergniaud e que a miña muller chorou. El soubo polos veciños que nós non tiñamos nin o primeiro pataco para paga-los recibos. O vello roñón, sen dicir nada, xuntou todo o que vostede lle daba, procurou o recibo e pagouno. ¡Condenado! A miña muller e mais eu sabiamos que non tiña para tabaco, o pobre do vello, e que pasaba sen fumar. ¡Oh! ¡Agora tódalas mañás anda cos seus cigarros! Eu, antes me vendía... ¡Non! Estamos ofendidos. Así que, xa que el nos dixo que vostede era unha boa persoa, eu quería lle propoñer que nos prestase uns cen escudos avalados polo noso negocio, para mandarlle facer roupa e amoblarlle o cuarto. El pensou que nos pagaba, ¿non é? Pois é o contrario, ve, o ancián endebedounos... ¡e ofendeunos! Non nos debía facer ese agravio. ¡Ofendeunos! ¡Sendo amigos! Palabra de home honrado, tan verdade coma que me chamo Louis Vergniaud, empéñome antes que non devolverlle eses cartos...

Derville mirou para o leiteiro e deu uns pasos atrás para observar de novo a casa, o curro, o esterco, as cortes, os coellos, os nenos.

"Abofé, creo que un dos caracteres da virtude é o de non ser propietario", pensou.

—Veña, halos ter ¡ho!, os teus cen escudos e aínda máis. Pero non hei ser eu quen chos dea, o coronel ha ser bastante rico para axudarche, e eu non quero quitarlle ese gusto.

—¿E ha ser pronto?

— Si, home, si.

— ¡Ai, Deus! ¡Que contenta se vai poñe-la miña muller!

E a faciana curtida do leiteiro pareceu que ensanchaba.

"Agora, dixo Derville para si, subindo ó seu cabriolé, "vamos onda a nosa adversaria. Non deixemos ve-lo noso xogo, intentemos coñece-lo seu, e ganémo-la partida nunha xogada. ¿Habería que asustala? É muller. ¿Que é o que máis asusta ás mulleres? Mais, as mulleres só lle temen a..."

Púxose a estudia-la posición da condessa, e caeu nunha desas meditacións ás que se entregan os grandes políticos concibindo os seus planos, tratando de adiviña-lo segredo dos gabinetes inimigos. ¿Non son os avogados, dalgunha forma homes de Estado encargados de asuntos privados? Aquí cómpre botar unha ollada sobre a situación do señor conde Ferraud e da súa muller para comprende-lo enxeño do avogado.

O señor conde Ferraud era fillo dun antigo conselleiro do parlamento de París, que emigrara durante o tempo do Terror e que, se ben salvou a cabeza, perdeu a fortuna. Volveu baixo o Consulado e permaneceu constantemente fiel ós intereses de Louis XVIII, entre os íntimos do cal estivera seu pai antes da Revolución. Pertencía, pois, a esa parte do barrio de Saint-Germain que resistiu nobremente á seducción de Napoleón. A reputación de competente que se forxou o conde mozo, daquela simplemente chamado señor Ferraud, converteuno en obxecto das coqueterías do Emperador, que con frecuencia era tan feliz coas súas conquistas entre a aristocracia coma no campo de batalla. Prometéuselle ó conde a restitución do seu título e dos seus bens non vendidos, mostróuselle, ó lonxe, un ministerio, unha senaduría. O Emperador fracasou. No momento da morte do conde Chabert, o señor Ferraud era un mozo de vinteseis anos, sen fortuna, dotado de maneiras agradables, que tiña un certo éxito e que o barrio de Saint-Germain adoptara como unha das súas glorias; mais a señora condessa Chabert soubera sacar tan bo partido da herdanza do seu home, que tras dezaioito meses de viuvez posuía ó redor de corenta mil libras de renda. A súa voda co conde mozo non foi ningunha novidade para as camarillas do barrio de Saint-Germain. Feliz por aquel matrimonio que respondía ás súas ideas de fusión, Napoleón devolveulle á señora Chabert a parte que herdaba o fisco na sucesión do coronel; pero as esperanzas de Napoleón víronse de novo defraudadas. A señora Ferraud non quería só o amante no mozo, tamén resultara seducida pola idea de entrar naquela sociedade desdeñosa que, malia a súa degradación, dominaba a corte imperial. Tanto a súa vaidade coma as súas paixóns, quedaban gratificadas con aquel casamento. Íase converter nunha muller *como é debido*. Cando o barrio de Saint-Germain soubo que a voda do conde mozo non era unha defección, os salóns abríronse á súa muller. Veu a Restauración. A fortuna política do conde Ferraud non foi rápida. Este comprendía as esixencias da posición na que se encontraba Louis XVIII, estaba entre os iniciados que agardaban a *que se pechase o abismo das revolucións*, pois esta frase rexía, da que se burlaran tanto os liberais, escondía un sentido político. Non obstante a ordenanza citada na longa frase clerical coa que comeza esta historia, devolvéralle dous bosques e unha terra que aumentara considerablemente de valor durante o secuestro. Naquel momento, aínda que o conde Ferraud fose conselleiro de Estado e director xeral, non consideraba a súa posición máis que como o principio da súa fortuna política. Acaparado polas preocupacións dunha ambición devoradora, contratara como secretario a un antigo avogado arruinado chamado Delbecq, home máis que hábil, que coñecía admirablemente os recursos dos leguleios, e a quen lle confiara a xestión dos seus asuntos privados. O astuto avogado comprendera suficientemente ben a súa posición con respecto ó conde como para ser probo por especulación. Esperaba chegar a algún posto polo crédito do seu patrón, a fortuna do cal era o obxecto de tódolos seus desvelos. A súa conducta desmentía de tal xeito a súa vida anterior, que pasaba por ser un home calumniado. Co tacto e coa finura de que están máis ou menos dotadas tódalas mulleres, a condessa, que adiviñara as intencións do seu intendente, vixiábao habilmente, e sabíao manexar tan ben que xa sacara del un extraordinario partido para o incremento da súa fortuna particular. Soubera persuadir a Delbecq de que ela gobernaba ó señor Ferraud, e prometéralle facelo nomear presidente dun tribunal de primeira instancia nunha das máis importantes vilas de Francia de se consagrar el por enteiro ós seus intereses. A promesa dunha praza inamovible que lle permitiría casar con vantaxe, e conquistar máis tarde unha alta posición na carreira política chegando a deputado, converteu a Delbecq en escravo da condessa. Non deixou perder ningunha das oportunidades favorables que os movementos da Bolsa e a alza das propiedades presentaran en París ás xentes hábiles durante os tres primeiros anos da Restauración. Triplicara os capitais da súa protectora con tanta máis facilidade como que á condessa tódolos medios lle

parecían bos con tal de facer rapidamente unha inmensa fortuna. Así, empregaba os emolumentos dos cargos ocupados polo conde nos gastos da casa para poder capitaliza-las súas ganancias, e Delbecq prestábase ós cálculos daquela avaricia sen tratar de comprende-los motivos. Esa clase de xente só se preocupa de descubri-los segredos que lles cómpren para os seus intereses. Por outra banda, atopaba tan natural a razón nesa sede de ouro que padecen a maioría das parisienses, e cumpría unha fortuna tan grande para apoia-las pretensións do conde Ferraud, que o intendente cría, ás veces, albiscar na avidez da condesa o efecto da súa entrega ó home do que seguía namorada. A condesa enterrara os segredos da súa conducta no fondo do corazón. Alí había segredos de vida e de morte para ela, alí estaba precisamente o nó desta historia. A principios do ano 1818, asentouse a Restauración sobre bases aparentemente inquebrantables, as súas doutrinas gobernamentais, comprendidas polos espíritos elevados, pareceulles que debían traer para Francia unha era de prosperidade nova: daquela, a sociedade parisiense cambiou de cara. A señora condesa de Ferraud descubriu que fixera, por azar, un casamento de amor, fortuna e ambición ó mesmo tempo. Aínda nova e fermosa, madame Ferraud desempeñou o papel de muller de moda, e viviu no ambiente da corte. Rica por ela mesma, rica polo seu esposo, que, enxalzado como un dos homes máis capaces do partido realista e amigo do rei, semellaba abocado a algún ministerio, pertencía á aristocracia e compartía o seu esplendor. No medio deste triunfo, foi atacada por un cancro moral. Hai uns sentimentos que as mulleres adiviñan por moito coidado que poñan os homes en escondelos. Ó primeiro retorno do Rei, o conde Ferraud concibiu un certo pesar polo seu matrimonio. A viúva do conde Chabert non lle achegaba ningunha alianza, estaba só e sen apoio para avanzar nunha carreira chea de atrancos e chea de inimigos. Ademais, cando puido xulgar friamente á súa muller, quizais recoñecera nela algúns vicios de educación que a facían impropia para secundalo nos seus proxectos. Unhas palabras que dixera sobre o casamento de Talleyrand⁶ abríronlle os ollos á condesa, quen tivo a proba de que se tivese que volver celebrarse a voda endexamais había ser ela a señora Ferraud. Este arrepentimento, ¿que muller o perdoaría? ¿Non contén tódalas inxurias, tódolos crimes, tódalas repudiacións en xerme? Mais, ¡que ferida non causarían estas palabras no corazón da condesa, de supoñer que temía ver volve-lo seu marido primeiro! Soubérao vivo e rexeitárao. Despois, durante o tempo en que non tivo noticias del, compraceuse en pensar que morrera en Waterloo coas aguias imperiais, en compañía de Boutin. Nembargantes, resolveu ata-lo conde a ela polo máis forte dos lazos, pola cadea de ouro, e quixo ser tan rica que a súa fortuna fíxese indisoluble o seu segundo casamento, se por un casual o coronel Chabert reaparecese. E el reaparecera, sen que ela se explicase por que a loita que temía aínda non comezara. Tal vez os sufrimentos e a enfermidade a librarán daquel home. Tal vez estaba medio tolo, podía estar en Charenton. Non lles quixera facer estas confidencias nin a Delbecq nin á policía, por medo a ter un amo, ou a precipita-la catástrofe. Hai en París moitas mulleres que, semellantes á condesa Ferraud, viven cun monstro moral descoñecido, ou bordean o abismo; fan un calo no sitio do seu mal, e aínda poden rir e divertirse.

Hai algo ben estraño na situación do señor conde Ferraud, pensou Derville saíndo da súa longa meditación, no momento en que o cabriolé se detivo na rúa de Varenne, á porta do pazo Ferraud. ¿Como é que el, tan rico, tan amado polo Rei, aínda non é par de Francia? É certo que quizá na política do Rei, como me dicía a señora de Grandlieu, estea a idea de lle dar unha grande importancia á categoría de par non prodigando este título. Por outra parte, un fillo de conselleiro do parlamento non é nin un Crillon nin un Rohan. O conde Ferraud só pode entrar subrepticamente na Cámara alta. Mais, se o seu matrimonio crebase, ¿non podería pretender, para grande satisfacción do Rei, o título de par dun deses vellos senadores que só teñen fillas? "Mira que bo farol para asustar á nosa condesa", dixo para si mentres subía a escalinata.

Derville, sen o saber, puxera o dedo na chaga secreta, afundira a man no cancro que devoraba á señora Ferraud. Foi recibido nun bonito comedor de inverno, onde ela xantaba xogando cun mono atado por unha cadea a unha especie de pequeno poste provisto de barras de ferro. A condesa ía envolta nunha elegante bata, os bucles dos seus cabelos, descoidadamente recollidos, escapaban dun gorro que lle daba un aire revoltoso. Era unha muller fresca e riseira. A prata, os dourados, a nácara, escintilaban na mesa, estando rodeada de flores raras en magníficos floreiros de porcelana. Vendo a muller do coronel Chabert, enriquecida co seu espolio, rodeada de luxo, no cumio da sociedade, mentres que o desventurado vivía na casa dun pobre leiteiro entre os animais, o avogado pensou: "A lección disto é que unha muller bonita endexamais quererá recoñecer ó seu home, nin sequera ó seu namorado, nun home cun *carrick* vello, perruca de grama e botas furadas". Un sorriso malicioso e mordaz expresou as ideas medio filosóficas, medio burlonas, que lle debían pasar pola cabeza a un home tan ben situado para coñece-lo fondo das cousas, a pesar das mentiras baixo as que a maior parte das familias parisienses ocultan a súa existencia.

—Bos días, señor Derville —dixo ela, seguindo a darlle café ó mono.

—Señora —dixo el bruscamente, molesto polo ton lixeiro co que a condesa lle dixera: "Bos días, señor Derville"—, veño falar con vostede dun asunto bastante grave.

—*Laméntoo* moitísimo, o señor conde está ausente...

—Pois eu estou encantado, señora. Sería de *lamentar* que asistise á nosa conversación. Ademais, ben sei por Delbecq, que lle gusta arranxa-los seus asuntos a vostede mesma sen molestar ó señor conde.

—Daquela, vou mandar chamar a Delbecq —dixo ela.

—Seríalle inútil, a pesar da súa habilidade —replicou Derville—. Escoite, señora, unha palabra abondará para poñela seria. O conde Chabert existe.

—¿Dicindo semellantes bufonadas é como pretende que me poña seria? —retrucou ela, rompendo a rir.

Pero a condesa ficou de repente dominada polo estraño brillo da mirada fixa con que a interrogaba Derville, parecendo ler no fondo da súa alma.

—Señora —respondeu el cunha gravidade fría e punxente—, vostede ignora o alcance dos perigos que a ameazan. Non lle falarei da indiscutible autenticidade dos documentos, nin da certeza das probas que testemuñan a existencia do conde Chabert. Eu non son home para me encargar dunha mala causa, ben o sabe. De se opoñer á nosa inscrición contra a falsa acta de defunción, perderá este primeiro proceso; e, sentenciada esta cuestión no noso favor, gañaremos tódalas demais.

—¿De que pretende, logo, falar-me?

—Nin do coronel, nin de vostede. Non lle falarei tampouco das memorias que poderían escribir avogados enxeñosos, armados cos curiosos feitos desta causa, nin do partido que habían sacar das cartas que vostede recibiu do seu primeiro marido antes da celebración do matrimonio co segundo.

—¡Iso é falso! —exclamou ela, con toda a violencia dunha pequena petulante—. Nunca recibín cartas do conde Chabert; e, se alguén di que é o coronel, non é máis ca un intrigante, se cadra algún presidiario liberado, coma Coignard⁷. Tremo só de o pensar. ¿Pode o coronel resucitar, señor? Á morte del, Bonaparte envioume as súas condolencias por un axudante de campo, e aínda hoxe cobro tres mil francos da pensión concedida á súa viúva polas Cámaras. Fixen mil veces ben en rexeitar a tódolos Chabert que se teñen presentado, como hei rexeitar a tódolos que se presenten.

—Por sorte estamos sós, señora. Podemos mentir canto queiramos —dixo el, friamente, divertíndose en aguilloa-la cólera que axitaba á condesa co fin de arrincarlle algunha indiscreción a través dunha manobra familiar ós avogados, habituados a permanecer tranquilos cando os seus adversarios ou os seus clientes se ofuscan. "Pois ben, a ver quen dos dous gana", dixo para si, imaxinando ó instante unha trampa para lle demostra-la súa debilidade—. Existe a proba da entrega da primeira carta, señora —continuou en voz alta—, contiña valores...

—¡Oh! Valores non contiña.

—Logo vostede recibiu esa primeira carta —proseguiu Derville sorrindo—. Cae na primeira trampa que lle tende un avogado e pensa que vai poder loitar contra a xustiza...

A condesa ruborizouse, palideceu, ocultou a cara entre as mans. Logo sacudiu a vergonza e replicou co sangue frío natural a estas mulleres:

—Xa que é vostede o avogado do pretendido Chabert, fágame o favor de...

—Señora —dixo Derville, interrompéndoa—, neste momento aínda son o seu avogado igual que o do coronel. ¿Pensa que quero perder unha clientela tan prezada como é a súa? Mais, non me escoita...

—Fale, señor —dixo ela graciosamente.

—A súa fortuna provén do señor conde Chabert, e vostede rexéitao. A súa fortuna é colosal, e vostede déixao mendigar. Señora, os avogados sonlle moi elocuentes cando as causas son elocuentes por elas mesmas, concorren aquí circunstancias capaces de levantar contra vostede a opinión pública.

—Pero, señor —dixo a condesa, impaciente pola maneira en que Derville lle apertaba as caravillas—, admitindo que o seu señor Chabert exista, os tribunais manterán o meu segundo matrimonio a causa dos fillos, e eu quedarei libre con devolverlle dous centos vintecinco mil francos ó señor Chabert.

—Señora, non sabemos cómo han toma-los tribunais a cuestión sentimental. Se, por un lado, temos unha nai e os seus fillos, polo outro temos un home abatido pola desgracia, envellecido por vostede, polo seu rexeitamento. ¿Onde vai atopar el unha muller? ¿E poden os xuíces ir en contra da lei? O seu matrimonio co coronel ten, para el, o dereito e a prioridade. Mais se a presentan a vostede baixo este odioso aspecto, podería atopar cun adversario co que non conta. Ese é, señora, o perigo do que a quería preservar.

—¿Un novo adversario? —preguntou ela—. ¿Quen?

—O señor conde Ferraud, señora.

—O señor Ferraud sente por min un vivo afecto, e pola nai dos seus fillos demasiado respecto...

—Non lle diga esas necidades —dixo Derville, interrompéndoa— a un avogado acostumado a ler no fondo dos corazóns. Neste momento, o señor Ferraud non ten o menor desexo de rompe-lo seu matrimonio, e estou convencido de que a adora; ora que se alguén lle viñese dicir que o seu matrimonio pode ser anulado, que a súa muller será levada como criminal ó banco da acusación pública...

—Defenderíame, señor.

—Non, señora.

—¿Que razón tería para abandonarme, señor?

—Pois a de casar coa filla única dun par de Francia, e transmitiríraselle o título por unha orde do Rei...

A condesa palideceu.

"¡Aí estamos!, pensou Derville. "Ben, xa te teño. A causa do pobre coronel está ganada".

—Ademais, señora —dixo en voz alta—, non tería moitos remordementos porque un home cuberto de gloria, xeneral, conde, grande oficial da Lexión de Honra, non está tan mal; e se ese home lle pide que lle devolva a súa muller...

—¡Abonda! ¡Abonda, señor! —exclamou ela—. Nunca terei outro avogado máis que vostede. ¿Que hai que facer?

—¡Transixir! —dixo Derville.

—¿Aínda me ama? —preguntou ela.

—Pois non creo que poida ser doutro xeito.

Ante estas palabras, a condesa levantou a cabeza. Un lóstrego de esperanza brillou nos seus ollos; quizais contaba con especular coa tenrura do seu primeiro marido para gana-lo proceso con algunha argucia feminina.

—Agardarei polas súas ordes, señora, para saber se lle hai que notifica-las nosas actas, ou se quere vir ó meu despacho para inicia-las bases dunha transacción —dixo Derville, saudando á condesa.

Oito días despois das dúas visitas que fixera Derville, nunha fermosa mañá do mes de xuño, os esposos desunidos por un azar case sobrenatural saíron dos dous puntos máis opostos de París para írense atopar no despacho do seu avogado común.

Os anticipos que lle entregara Derville ó coronel Chabert permitíanlle a este ir vestido segundo o seu rango.

O defunto chegou, así, nun cabriolé moi digno. Cubría a súa cabeza cunha perruca apropiada á súa fisionomía, ía vestido de pano azul, con camisa branca, e levaba, debaixo do chaleco, o colar vermello dos grandes oficiais da Lexión de Honra. Ó volver á práctica de persoa acomodada, recuperara a antiga elegancia marcial. Ía ben dereito. O rostro, grave e misterioso, no que se debuxaban a felicidade e tódalas súas esperanzas, semellaba rexuvenecido e máis cheo, por usar unha das expresión máis pintorescas da pintura. Non lle asemellaba máis ó Chabert co vello *carrick* que un céntimo a unha moeda de corenta francos acabada de bater. Ó velo, os viandantes poderían recoñecer facilmente nel a un deses fermosos restos do noso antigo exército, un deses homes heroicos reflexo da nosa gloria nacional, que a representan igual que un fragmento de xeo iluminado polo sol parece reflectir tódolos seus raios. Eses vellos soldados son, ó mesmo tempo, cadros e libros. Cando o conde descendeu do coche para subir á casa de Derville, deu un saltiño coma un home novo. Non ben o seu cabriolé dera a volta, cando chegou un bonito *coupé* todo pintado con escudos de armas. A señora condesa de Ferraud saíu del cun atavío sinxelo, mais habilmente calculado para mostra-la finura do talle. Levaba un lindo sombreiro forrado de rosa que lle enmarcaba perfectamente a cara, disimulándolle o contorno e dándolle vida. Se ben os clientes rexuveneceran, o bufete seguía igual, e ofrecía o cadro descrito ó comezo desta historia. Simonnin xantaba, apoiado de costas á fiestra, que se encontraba aberta, e miraba o azul do ceo pola abertura daquel patio rodeado de catro negros edificios de vivendas.

—¡Ah! —exclamou o pequeno escribán—, ¿quen quere apostar un espectáculo a que o coronel Chabert é xeneral e cordón vermello?

—¡O xefe é un demo de bruxo! —dixo Godeschal.

—¿Logo non nos podemos meter con el desta vez? —preguntou Desroches.

—Agora encárgase diso a súa muller, a condesa Ferraud, dixo Boucard.

—Vaia —dixo Godeschal—, ¿a condesa Ferraud terá que ser de dous?...

—¡Aí vén ela! —dixo Simonnin.

Nese momento, entrou o coronel e preguntou por Derville.

—Está aí, señor conde —respondeu Simonnin.

—¿Aí logo non eras xordo, tunante? —dixo Chabert, collendo ó pequeno recadeiro por unha orella e retorcéndolla para gran satisfacción dos escribáns que botaron a rir e miraron ó coronel coa curiosa consideración debida a tan especial personaxe.

O conde Chabert estaba nos aposentos de Derville no momento en que a súa muller entrou pola porta do bufete.

—Carafio, Boucard, ¡vai ter lugar unha escena curiosa no despacho do xefe! Aí tes unha muller que pode i-los días pares á casa do conde Ferraud e os impares á do conde Chabert.

—Nos bisestos —dixo Godeschal—, saen as contas.

—¡Calen, señores! Poden oílos —dixo, severamente, Boucard—. Nunca vin un bufete onde se chancease tanto á conta dos clientes como o fan vostedes.

Derville introducira o coronel no seu dormitorio, cando se presentou a condesa.

— Señora —díxolle—, non sabendo se lle sería agradable ver ó señor conde Chabert, separeinos. Con todo, se vostede desexa...

—Señor, é unha atención que lle agradezo.

—Preparei a minuta dunha acta, as condicións poderán ser discutidas por vostede e mais polo señor Chabert, agora mesmo. Irei alternativamente de vostede a el, para presentarlles a ámbolos dous as súas

razóns respectivas.

—Vexamos, señor —dixo a condesa, deixando escapar un xesto de impaciencia.

Derville leu:

"Entre os abaixo asinantes:

»O señor Hyacinthe, *coñecido por Chabert*, conde, mariscal de campo, e grande oficial da Lexión de Honra, con domicilio en París, rúa do Petit-Banquier, dunha parte; e a señora Rose Chapotel, casada co señor conde Chabert, antes citado, nacida..."

—Aforre iso —dixo ela—, deixémo-los preámbulos, vaíamos ás condicións.

—Señora —dixo o avogado—, o preámbulo explica de modo sucinto a posición na que se encontran vostedes, un e mailo outro. Ademais, polo artigo primeiro, vostede recoñece, en presenza de tres testemuñas, que son dous notarios e o leiteiro, na casa do cal viviu o seu marido, ós que confíei baixo segredo a súa causa e que gardarán o máis profundo silencio; recoñece, digo, que o individuo designado nas actas anexas ó documento subscrito, pero establecido por unha acta notarial preparada por Alexandre Crottat, o seu notario, é o conde Chabert, o seu primeiro esposo. Polo artigo segundo, o conde Chabert, no interese da felicidade de vostede, comprométese a non facer uso dos seus dereitos máis que nos casos previstos pola mesma acta. Nestes casos —dixo Derville, facendo unha especie de paréntese—, non son outros que a non execución das cláusulas deste convenio secreto. Pola súa parte —continuou—, o señor Chabert consente en proseguir polas boas con vostede un preito que anulará a súa acta de defunción e declarará a disolución do seu matrimonio.

—Iso non me convén nada —dixo a condesa sorprendida—, eu non quero proceso. Vostede sabe por qué.

—Polo artigo tres —continuou o avogado, cunha flegma imperturbable—, vostede comprométese a constituír a nome de Hyacinthe, conde Chabert, unha renda vitalicia de vintecatroy mil francos, inscrita no libro maior da débeda pública, séndolle devolto o capital desta a vostede cando fine el...

—Pero, ¡é demasiado! —exclamou a condesa.

—¿Pode vostede transixir por menos?

—Quizá.

—Señora, ¿que é o que quere vostede?

—Quero... non quero proceso, quero...

—¿Que siga morto? —preguntou vivamente Derville, interrompéndoa.

—Señor —dixo a condesa—, se fan falta vintecatroy mil libras de renda iremos a xuízo...

—Si, iremos a xuízo —exclamou co voz xorda o coronel, que abriu a porta e apareceu de súpeto diante da súa muller, cunha man no chaleco e a outra estendida cara ó parque, xesto ó que o recordo da súa aventura daba unha horrible enerxía.

"É el", dixo para si a condesa.

—¡Demasiado caro! —continuou o vello soldado—. Deille a vostede case un millón, e vostede relea coa miña desgracia. Pois ben, agora quéroa a vostede, a vostede e maila súa fortuna. Os nosos bens son comúns, o noso matrimonio non cesou...

—Pero este señor non é o coronel Chabert —exclamou a condesa, finxindo sorpresa.

—¡Ah! —dixo o ancián, cun ton profundamente irónico—, ¿quere probas? Recollina a vostede no Palais-

Royal...

A condessa palideceu. Véndoa palidecer baixo o colorete, o vello soldado, entristecido pola profunda dor que lle inflixía a unha muller outrora amada con ardor, detívose; pero recibiu unha ollada tan velenosa que continuou de repente:

—Estaba vostede na casa da...

—Por piedade, señor —díxolle a condessa ó avogado—, permita que me vaia. Non vin aquí para oír semellantes atrocidades.

Levantouse e saíu. Derville precipitouse ó bufete. A condessa parecía que tivese ás e xa voara. En volvendo ó seu gabinete, o avogado atopou o coronel presa dun violento acceso de rabia paseando a grandes alancadas.

—Naquel tempo, cada quen sacaba a súa muller de onde quería —dicía el—; pero eu trabuqueime ó escollela, ó fiarme das aparencias. Non ten corazón.

—E logo, coronel, ¿non tiña eu razón en pregarlle que non viñese? Agora estou certo da súa identidade. Cando vostede apareceu, a condessa fixo un xesto inequívoco. Mais vostede perdeu o seu proceso, a súa muller sabe que está irrecoñecible.

—Vouna matar...

—¡Toleadas! Collerano e levarano á guillotina coma un miserable. Ademais, ¡se cadra falla! Sería imperdoable, nunca un debe fallar se quere mata-la súa muller. ¡Déixeme repara-las súas estupideces, neno grande! Marche. Teña coidado, ela é quen de facelo caer nalgunha trampa para que o metan en Charenton. Eu voulle notifica-las nosas actas para evitarlle calquera sorpresa.

O pobre do coronel obedeceulle ó mozo seu benfeitor e saíu a balbucir escusas. Baixaba lentamente os banzos da escaleira escura, perdido en sombrías cavilacións, abatido quizá polo golpe que acababa de recibir, para el o máis cruel, o máis fundamente cravado no corazón, cando oíu, chegando ó último descanso, o roce dun vestido, e apareceu a súa muller.

—Veña, señor —díxolle ela, colléndoo polo brazo cun movemento semellante ós que lle eran habituais noutro tempo.

A acción da condessa, o ton da súa voz, agora outra vez graciosa, abondaron para calma-la cólera do coronel, que se deixou levar ata o coche.

—¡Veña, suba! —díxolle a condessa, cando o criado acabou de desprega-lo estribo.

E atopouse, coma por encantamento, sentado a carón da súa muller no cupé.

—¿A onde vai a señora? —preguntou o criado.

—A Grosly —dixo ela.

Os cabalos partiron, e atravesaron todo París.

—¡Señor! —díxolle a condessa ó coronel, cun acento de voz que revelaba unha desas emocións raras na vida, que fan que todo se axite dentro de nós.

Neses momentos, corazón, fibras, nervios, fisionomía, alma e corpo, todo, cada poro mesmo, trema. A vida parece que non está máis en nós; sae e xorde, comunícase coma un contaxio, transmítese pola mirada, polo ton da voz, polo xesto, impoñendo a nosa vontade ós demais. O vello soldado estremeceuse ó oír aquela soa palabra, aquel primeiro, terrible "¡Señor!". Era asemade un reproche, un rogo, un perdón, unha esperanza, unha desesperación, unha interrogación, unha resposta. Aquela palabra comprendía todo. Había

que ser comediante para poñer tanta elocuencia, tanto sentimento nunha palabra. A verdade non é tan completa na súa expresión, non bota todo fóra, deixa ve-lo que está dentro. O coronel tivo mil remordementos polas súas sospeitas, as súas demandas, a súa cólera, e baixou a mirada para non deixar adiviña-la súa turbación.

—¡Señor –proseguiu a condesa, despois dunha pausa imperceptible–, eu ben o recoñecín!

—Rosina –dixo o vello soldado–, esa palabra contén o único bálsamo que me poida facer esquece-las miñas desgracias.

Dúas grosas bágoas correron quentes polas mans da súa muller, que el apertou para expresar unha tenrura paternal.

—Señor –seguiu ela–, ¿como non se decatou de que me custaba horriblemente aparecer diante dun estraño nunha posición tan equívoca como é a miña? Se teño que me ruborizar da miña situación, que sexa polo menos en familia. Este segredo ¿non debería quedar enterrado nos nosos corazóns? Espero que me absolva pola miña aparente indiferencia ante as desgracias dun Chabert, na existencia do cal non tiña por qué crer. Recibín as súas cartas –dixo con viveza, lendo nos trazos do seu home a obxección que expresaban–, pero só me chegaron trece meses despois da batalla de Eylau; estaban abertas, manchadas, a escritura era irrecoñecible; e despois de obte-la sinatura de Napoleón no meu novo contrato de matrimonio, tiven que crer que un hábil intrigante me quería enganar. Así que para non turba-la paz do señor conde Ferraud, nin altera-los lazos da familia, vinme obrigada a adoptar precaucións contra un falso Chabert. ¿Non fixen ben, dígame?

—Si, fixeches ben; son eu quen son un idiota, un animal, unha besta, por non saber calcular mellor as consecuencias de semellante situación. Pero ¿a onde imos? –preguntou o coronel, véndose na barreira de la Chapelle.

—Á miña casa de campo, preto de Groslay, no val de Montmorency. Aló, señor, pensaremos xuntos sobre o partido que hai que tomar. Coñezo os meus deberes. Se son de vostede por dereito, non lle pertenzo de feito. ¿Pode desexar que sexámo-la murmuración de todo París? Non informemos ó público desta situación que presenta un aspecto tan ridículo para min, e gardémo-la nosa dignidade. Vostede aínda me ama –seguiu ela, botándolle ó xeneral unha ollada triste e doce; pero eu, ¿non recibín autorización para contraer outros lazos? Nesta estraña posición, unha voz secreta dime que confíe na súa bondade, que tan ben coñezo. ¿Enganaríame en facelo o único árbitro da miña sorte? Sexa xuíz e parte. Confíome á nobreza do seu carácter. Terá a xenerosidade de me perdoa-lo resultado de faltas inocentes. Confesareille que eu amo ó señor Ferraud. Crin que tiña o dereito de amalo. Non me ruborizo por esta confesión ante vostede; se o ofende, non nos deshonra. Non lle podo oculta-los feitos. Cando o azar me deixou viúva, non era nai.

O coronel fíxolle un aceno coa man á súa muller, para impoñerlle silencio, e deixaron de proferir palabra durante unha media legua. Chabert cría ve-los dous meniños diante del.

—¡Rosina!

—¿Señor?

—¿Os mortos fan mal en volver?

—¡Oh! señor, ¡non, non! Non me crea ingrata. Só é que atopa vostede unha amante e unha nai alí onde deixou unha esposa. Se xa non está no meu poder o amalo, sei todo o que lle debo e aínda lle podo dar todo o afecto dunha filla.

—Rosina –continuou o ancián con voz doce–, xa non teño ningún resentimento contra ti. Esqueceremos todo –engadiu cun deses sorrisos que teñen o encanto de ser sempre o reflexo dunha alma fermosa–. Non estou tan falto de delicadeza como para esixir aparencia de amor nunha muller que xa non ama.

A condesa botoulle unha ollada tan chea de agradecemento que o pobre Chabert desexou volver á fosa de Eylau. Algúns homes teñen a alma forte abondo para semellantes sacrificios, a súa recompensa atópase na convicción de face-la felicidade dunha persoa amada.

—Amigo meu, falaremos de todo isto máis tarde, sosegadamente —dixo a condessa.

A conversa tomou outro rumbo, pois era imposible continuala moito tempo sobre aquel tema. Aínda que os dous esposos volvesen con frecuencia á súa estraña situación, por alusións ou directamente, fixeron unha viaxe encantadora, lembrando acontecementos da súa pasada unión e as cousas do Imperio. A condessa sóbolles imprimir un doce encanto a aqueles recordos, e difundiu na conversación o cariz de melancolía necesario para mante-la gravidade. Facía revivi-lo amor sen excitar ningún desexo, e deixáballe entrever ó seu primeiro esposo tódalas riquezas morais que ela adquirira, intentando afacelo á idea de limita-la súa felicidade ós únicos goces que goza un pai cunha filla querida. O coronel coñecera a condessa do Imperio, descubrira unha condessa da Restauración. Ó cabo, os dous esposos chegaron por un atallo a un gran parque situado no pequeno val que separa os outeiros de Margency do bonito poboado de Groslay. A condessa posuía alí unha agradable casa onde o coronel viu, ó chegar, tódolos dispositivos necesarios para a súa estancia e maila da súa muller. A desgracia é unha especie de talismán, a virtude do cal consiste en corrobora-la nosa primitiva constitución: aumenta a desconfianza e a maldade nalgúns homes, da mesma maneira que acrecenta a bondade dos que teñen un excelente corazón.

O infortunio fixera o coronel máis compasivo e mellor do que fora antes; podía así iniciarse no segredo dos sufrimentos femininos que son descoñecidos pola maioría dos homes. Con todo, a pesar da súa escasa desconfianza, non puido evitar dicirle á súa muller:

—¿Vostede estaba moi segura de me poder traer aquí?

—Si —respondeu ela—, se atopaba que o litigante era o coronel Chabert.

—A aparencia de verdade que soubo poñer nesta resposta disipou as lixeiras sospeitas que o coronel se avergonzou de ter concibido. Durante tres días, a condessa estivo admirable xunto ó seu primeiro marido. Con tenros coidados e constante dozura, parecía que lle quería borra-la memoria dos sufrimentos que soportara, facer que lle perdoase as desgracias que, segundo a súa confesión, causara inocentemente; compraciase en desprezar para el, facéndolle sentir unha especie de melancolía, os encantos ós que o sabía especialmente sensible; pois somos máis particularmente accesibles a certas formas, a certas gracias do corazón ou do espírito ás que non resistimos; quería que se interesase pola súa situación, conmovelo abondo para poder apoderarse do seu espírito e dispoñer soberanamente del. Decidida a todo para alcanzalos seus fins, aínda non sabía o que tiña que facer con aquel home, mais claro é que o quería aniquilar socialmente. Ó terceiro día, pola tarde, sentiu que, malia os seus esforzos, non podía oculta-la inquietude que lle causaba o resultado das súas intrigas. Subiu ó seu cuarto para ter un momento de descanso, sentouse ante o secreter, deixou cae-la máscara de tranquilidade que conservaba diante do conde Chabert, coma unha actriz que, volvendo fatigada ó seu camerino despois dun quinto acto esgotador, cae medio morta e deixa no teatro unha imaxe dela mesma á que xa non se asemella. Púxose a rematar unha carta que comezara para Delbecq, dicíndolle que lle fose pedir a Derville, no seu nome, as actas que concernían ó coronel Chabert, que as copiase e que viñese de contado falar con ela a Groslay. A penas terminara cando oíu no corredor o ruído dos pasos do coronel, que, moi inqueda, a viña buscar.

—¡Ai! —dixo en voz alta a muller—, ¡quen me dera morrer! A miña situación é intolerable...

—¿E logo que ten? —preguntou o bo do home.

— Nada, nada —dixo ela.

Ergueuse, deixou o coronel e baixou para falar sen testemuñas coa súa doncela, á que mandou saír para París, encomendándolle que lle entregase en man a Delbecq a carta que acababa de escribir e que lla volvese traer en canto el a lese. Despois, a condessa foi sentar nun banco ben á vista para que o coronel viñese a carón súa cando quixese. O coronel, que xa buscaba a súa muller, acudiu e sentou cabo dela.

— Rosina —dixo—, ¿que lle pasa?

Esta non respondeu. O serán era un deses seráns magníficos e sosegados, con esas secretas harmonías que esparexen, no mes de xuño, tanta suavidade no solpor. O ar era puro e o silencio profundo, de maneira que se podían oír ó lonxe, no parque, as voces duns nenos que lle engadían unha especie de melodía ó sublime da paisaxe.

—¿Non me responde? –preguntoulle o coronel á súa muller.

—O meu home... –dixo a condesa, que calou, fixo un movemento e interrompeuse para preguntarlle ruborizándose: –¿Como lle hei chamar ó señor conde Ferraud?

—Chámalle o teu home, miña filla –respondeu o coronel con bondade–; ¿non é o pai dos teus fillos?

—Pois ben –continuou ela–, se me pregunta qué vin facer aquí, se sabe que estou aquí choída cun descoñecido, ¿que lle vou dicir? Escoite, señor –proseguiu, cunha actitude chea de dignidade–, decida a miña sorte, estou resignada a todo...

—Querida –dixo o coronel, collendo as mans da súa muller–, resolvín sacrificarme enteira á súa felicidade...

—Iso é imposible –replicou ela, cun movemento convulsivo–. Pense que nese caso debería renunciar a vostede mesmo, e dunha forma auténtica...

—¿Como? –preguntou o coronel–. ¿A miña palabra non lle abonda?

A palabra *auténtica* caera no corazón do ancián espertando desconfianzas involuntarias. Botoulle unha mirada que a fixo ruborizarse e baixa-los ollos, e tivo medo de verse obrigado a desprezala. A condesa temeu espanta-lo salvaxe pudor e a severa probidade daquel home de carácter xeneroso, de virtudes primitivas que tan ben coñecía. Mais, aínda que estas ideas lles puxeran algunhas nubes nas fronteas, a boa harmonía restableceuse de seguido entre eles. E así foi como ocorreu. O berro dun neno soou ó lonxe.

—Jules, ¡deixa en paz a túa irmá! –exclamou a condesa.

—¿Como? ¿Os seus fillos están aquí? –preguntou o coronel.

— Si, pero téñolles prohibido que o importunen.

O vello soldado comprendeu a delicadeza, o tacto da muller, que se escondía naquel proceder tan xentil, e colleu a man da condesa para bicala.

—Que veñan, logo –dixo.

A meniña viña da-las queixas de seu irmán.

—¡Mamá!

—¡Mamá!

—Foi el...

—Foi ela, que...

As mans tendíanse cara á nai, e as dúas voces infantís mesturábanse. Foi un cadro repentino e delicioso.

—¡Pobres fillos! –exclamou a condesa, sen poder reter máis as bágoas–, terei que deixalos. ¿A quen llos dará o xuíz? Un corazón de nai non se comparte. ¡Eu queroos para min!

—¿É vostede quen fai chorar á mamá? –preguntou Jules, cunha ollada de ira para o coronel.

— ¡Cala, Jules! –exclamou a nai, imperiosamente.

Os dous nenos ficaron de pé, en silencio, examinando a súa nai e mais ó descoñecido cunha curiosidade imposible de expresar con palabras.

—¡Oh!, si —continuou ela—. Se me separan do conde que me deixen os meus nenos, e sometereime a todo...

Foron unhas palabras decisivas, que obtiveron todo o éxito que ela esperara.

—Si —exclamou o coronel coma se acabase unha frase comezada mentalmente—, teño que volver para debaixo da terra. Xa o pensara.

—¿Como podo aceptar tal sacrificio? —interveu a condesa—. Se algúns homes morreron por salva-lo honor da súa amante, non deron a vida máis ca unha vez. Pero, neste caso, ¡daría vostede a vida tódolos días! Non, non, é imposible. Se só se tratase da súa existencia, aínda pasaría; pero asinar que non é o coronel Chabert, recoñecer que é un impostor, perde-lo seu honor, mentir a tódalas horas do día... a abnegación humana non pode ir tan lonxe. ¡Imaxine! Non. De non ser polos meus pobres fillos, xa tería fuxido con vostede á fin do mundo...

—Mais —replicou Chabert—, ¿non podo vivir aquí, na súa casa, coma un dos seus parentes? Estou gastado coma un canón para a chatarra, só me fai falla un pouco de tabaco e o *Constitutionnel*.

A condesa botou a chorar. Houbo entre a condesa Ferraud e o coronel Chabert un combate de xenerosidade do que o soldado saíu vencedor. Unha noite, vendo aquela nai no medio dos seus fillos, o soldado quedou seducido pola conmovedora gracia dun cadro de familia, no campo, na sombra e o silencio; tomou a resolución de permanecer morto e, sen temer á autenticidade dunha acta, preguntou qué había que facer para asegurar irrevogablemente a felicidade daquela familia.

—Faga como queira —respondeulle a condesa—, declárolle que non hei intervir para nada neste asunto. Non debo.

Delbecq chegara había uns días e, seguindo as instrucións verbais da condesa, o intendente soubera gana-la confianza do vello militar. Así pois, o día seguinte pola mañá, o coronel Chabert marchou co antigo avogado para Saint-Leu-Taverny, onde Delbecq lle fixera preparar ó notario unha acta concibida en termos tan crus que o coronel saíu bruscamente da notaría despois de oí-la súa lectura.

—¡Érache boa! ¿Como quedaría eu? Quedaría coma un falsario —exclamou.

—Señor —díxolle Delbecq—, non lle aconsello que asine en seguida. Se eu fose vostede, sacaría polo menos trinta mil libras de renda deste proceso, porque a señora ben que as daría.

Despois de fulminar a aquel tramposo emérito coa mirada luminosa do honesto home indignado, o coronel marchou, levado por mil sentimentos encontrados. Volveu desconfiar, encolerizándose e acalmando alternativamente. Ó fin, entrou no parque de Groslay por unha porteliña do valado, e foi andando a modiño, para descansar e meditar con tranquilidade, ata unha estancia practicada debaixo dun quiosco desde o que se podía ve-lo camiño de Saint-Leu. Como a avenida estaba cuberta con esa especie de terra amarela con que se substitúe a grava de río, a condesa, que estaba sentada no pequeno salón daquela sorte de pavillón, non oíu o coronel, pois estaba preocupada de máis polo éxito do seu asunto como para prestarlle a mínima atención ó lixeiro ruído que fixo o seu home. O vello soldado tampouco viu a súa muller arriba, no pequeno pavillón.

—E logo, señor Delbecq, ¿asinou? —preguntoulle a condesa ó seu intendente que viu vir, só, polo camiño, por encima da sebe do foso.

—Non, señora. Nin sequera sei ónde vai o noso home. O vello cabalo empinouse.

—Non quedará máis remedio que metelo en Charenton —dixo ela—, xa que o temos amarrado.

O coronel, que recuperou a elasticidade da xuventude para salta-lo foso, plantouse nun abrir e pecha-los ollos diante do intendente, ó que lle deu o máis fermoso par de labazadas que xamais reciben dúas fazulas de procurador.

—Podes engadir que os vellos cabalos tamén saben dar couces —díxolle.

Disipada aquela cólera, o coronel xa non tivo forza para saltar de novo o foso. A verdade mostrárase en toda a súa nudez. As palabras da condesa e a resposta de Delbecq desvelaran a conspiración da que ía ser vítima. Os cuidados que lle prodigaran eran un cebo para pillalo nunha trampa. Aquelas palabras foron coma unha pinga dun veneno sutil que determinou no vello soldado o retorno das súas dores físicas e morais. Volveu cara ó quiosco pola porta do parque, camiñando lentamente, coma un home afundido. Así que nin paz nin tregua para el! Desde ese momento, tería que comezar con aquela muller a guerra odiosa da que lle falara Derville, entrar nunha vida de procesos, alimentarse de fel, beber cada mañá un cáliz de amargura. E ademais, horrible pensamento, ¿onde ía atopar os cartos necesarios para pagar os gastos das primeiras instancias? Entroulle un noxo tan grande pola vida que, de haber auga alí habíase tirado a ela, de ter pistola metería un tiro nos miolos. Despois, recaeu na incerteza de ideas que, desde a súa conversación con Derville na leitería, lle cambiara a moral. Por fin, cando chegou ó quiosco, subiu ó gabinete aéreo, con rosetóns de cristal que ofrecían a visión das encantadoras perspectivas do val, e alí atopou a súa muller sentada nunha cadeira. A condesa examinaba a paisaxe e mantiña unha compostura chea de calma, mostrando esa impenetrable fisionomía que saben adoptar as mulleres decididas a todo. Enxugou os ollos coma se estivese a chorar e púxose a xogar cun xesto distraído coa longa fita rosa do cinto. Emporiso, malia a súa aparente seguridade, non puido evitar un arreguizo ó ver diante dela o seu venerable benfeitor, de pé, cos brazos cruzados, a cara pálida, a fronte severa.

—Señora —dixo despois de fitala un instante e forzala a ruborizarse—, señora, non a maldigo, desprézoa. Agora, doulle as gracias ó azar que nos desuniu. Non sinto nin tan sequera desexos de vinganza, xa non a amo. Non quero nada de vostede. Viva tranquila confiando na miña palabra, vale máis cós garabatos de tódolos notarios de París. Non reclamarei xamais o nome ó que eu dei lustre. Só son un pobre diabo chamado Hyacinthe, que non demanda máis có seu lugar baixo o sol. Adeus...

A condesa botouse ós pés do coronel, e quixo retelo colléndolle as mans; pero el rexeitouna con noxo dicíndolle :

—Non me toque.

A condesa fixo un aceno intraducible cando oíu o ruído dos pasos do seu marido. Logo, coa profunda perspicacia que dá un alto grao de perversidade ou o feroz egoísmo do mundo, considerou que podería vivir en paz sobre a promesa e o desprezo daquel leal soldado.

Chabert desapareceu, en efecto. O leiteiro arruinouse, e fíxose conductor de cabriolé. Quizá o coronel se dedicase ó principio a algunha industria do mesmo xénero. Igual, coma unha pedra lanzada nun remuíño, de ferverza en ferverza, fose abismarse nesa lama de farrapos que abunda polas rúas de París.

Seis meses despois deste acontecemento, Derville, que non oíra falar máis nin do coronel Chabert nin da condesa Ferraud, pensou que seguramente acordaran unha transacción entre eles, que, por vinganza, a condesa mandaría redactar noutro bufete. Entón, unha mañá, calculou as sumas adiantadas ó chamado Chabert, engadiu os gastos, e pediulle á condesa Ferraud que lle reclamase ó señor conde Chabert o importe daquela memoria, presumindo que ela sabía onde se atopaba o seu primeiro marido.

Ó día seguinte mesmo, o intendente do conde Ferraud, recentemente nomeado presidente do tribunal de primeira instancia nunha vila importante, escribiulle a Derville estas desoladoras palabras:

"Señor :

»A señora condesa Ferraud encárgame que lle comunique que o seu cliente abusou enteiramente da súa confianza, e que o individuo que dicía se-lo conde Chabert recoñeceu que se apropiara indebidamente de falsas calidades.

»Reciba, etc...

DELBECQ."

—Atopa un xente que é, palabra de honor, demasiado parva. Róubanvos ata o bautismo. ¡Sede humanos, xenerosos, filántropos e avogados e afúndenvos! Velaí un asunto que me custa máis de dous billetes de mil francos.

Algún tempo despois da recepción desta carta, Derville, buscaba no Xulgado un avogado co que quería falar e que litigaba na policía correccional. O azar quixo que Derville entrase na sala sexta no momento en que o presidente condenaba por vagabundaxe ó chamado Hyacinthe a dous meses de prisión, e ordenaba que se conducise despois ó asilo de mendicidade de Saint-Denis, sentenza que, segundo a xurisprudencia dos prefectos de policía, equivale a unha detención perpetua.

En oíndo o nome de Hyacinthe, Derville mirou para o delincente sentado entre dous xendarmes no banco dos acusados e recoñeceu, na persoa do condenado, o seu falso coronel Chabert. O vello soldado estaba tranquilo, inmóbil, case distraído. A pesar dos farrapos que levaba, a pesar da miseria gravada na súa fisionomía, esta mostraba un nobre orgullo. A mirada tiña unha expresión de estoicismo que un maxistrado non debería descoñecer; pero, desde o momento en que un home cae nas mans da xustiza, non é máis ca un ser moral, unha cuestión de Dereito ou de Feito, igual que ós ollos dos estatísticos se transforma nun número.

Cando conduciron o soldado á Escribanía para que o levasen máis tarde coa fornada de vagabundos que se xulgaba nese momento, Derville usou do dereito que teñen os avogados a entrar por tódalas partes no Xulgado, acompañouno á Escribanía e observouno uns instantes, así coma ós curiosos mendigos entre os que se atopaba. A antecámara da Escribanía ofrecía entón un deses espectáculos que desgraciadamente nin os lexisladores, nin os filántropos, nin os pintores, nin os escritores veñen estudar. Coma tódolos laboratorios dos leguleios, esta antecámara é un aposento escuro e fedorento, todo ó redor das paredes hai un banco de madeira denegrida pola estancia perpetua dos desgraciados que veñen a esta cita de tódalas miserias sociais, cita á que non falta ningún. Un poeta diría que o día se avergonza de iluminar esa terrible cloaca pola que pasan tantos infortunios. Non hai nin un só lugar no que non se teña sentado algún crime inminente ou consumado; nin un só lugar onde non teña estado algún home que, desesperado pola lixeira mancha que a xustiza imprimira á súa primeira falta, teña comezado unha existencia ó cabo da cal non se alce a guillotina, ou detone a pistola do suicidio. Tódolos que caen nas rúas de París rebotan contra estes muros amarelecidos, onde un filántropo que non fose un especulador podería descifra-la xustificación dos numerosos suicidios dos que se queixan algúns escritores hipócritas, incapaces de dar un paso para previlos, e que se atopa escrita nesta antecámara, especie de prefacio dos dramas da *morgue* ou dos da praza da Grève.

Naquel momento, o coronel Chabert estaba sentado no medio daqueles homes de rostros enérxicos, vestidos coas horribles libreas da miseria, silenciosos a intervalos, ou falando en voz baixa, pois tres xendarmes de garda paseaban facendo resoa-los sables polo chan.

—¿Lémbrese de min? —preguntoulle Derville ó vello soldado, poñéndose diante del.

—Si, señor —respondeu Chabert, poñéndose en pé.

—Se vostede é un home honrado —seguiu Derville en voz baixa—, ¿como puido quedar a deberme cartos?

O vello soldado ruborizouse como o faría unha moza acusada por súa nai dun amor clandestino.

—¿Como? ¿A señora Ferraud non lle pagou? —preguntou en voz alta.

—¡Pagar! —exclamou Derville—. Escribume dicindo que era vostede un intrigante.

O coronel alzou a vista nun sublime xesto de horror e de imprecación, coma para poñe-lo Ceo por testemuña daquel novo engano.

—Señor —dixo con voz tranquila a forza de alteración—, pídalle ós xendarmes o favor de me deixaren entrar na Escribanía, voulle asinar un recibo que certamente lle han pagar.

A unhas palabras de Derville ó brigadier, permitíuselle leva-lo seu cliente á Escribanía, onde Hyacinthe escribiu unhas liñas dirixidas á condesa Ferraud.

—Envíe isto á casa dela —díxolle o soldado—, e reembolsaránselle os gastos e mailos adiantos. Crea, señor, que se non lle testemuñei o recoñecemento que lle debo polos seus bos oficios non é por que non o sinta aquí —dixo poñendo a man sobre o corazón—. Si, está aquí, pleno e total. Mais ¿que poden face-los desgraciados? Amar, iso é todo.

—¿Como? —preguntou Derville—, ¿non se estipulou ningunha renda para vostede?

—¡Non me fale diso! —respondeu o vello militar—. Non pode nin imaxinar ata onde chega o meu desprezo por esa vida exterior que tanto lles importa á maioría dos homes. De súpeto entroume unha enfermidade, o noxo pola humanidade. Cando penso en que Napoleón está en Santa Helena, aquí en baixo éme todo indiferente. Xa non podo ser soldado, esa é toda a miña desgracia. En fin —engadiu, facendo un xesto cheo de infantilismo—, máis vale te-lo luxo nos sentimentos que na vestimenta. Eu non lle temo ó desprezo de ninguén.

E o coronel volveu ó seu banco. Derville saíu. Cando regresou ó seu bufete enviou a Godeschal, daquela o seu segundo escribán, á casa da condesa Ferraud, quen, despois de le-la nota, fixo que se lle pagase inmediatamente a suma debida ó avogado do conde Chabert.

En 1840, cara a fin do mes de xuño, Godeschal, xa avogado, ía a Ris, en compañía de Derville, o seu predecesor. Cando chegaron á avenida que leva desde a estrada principal a Bicêtre viron, baixo un olmo do camiño, un deses vellos pobres encanecidos e gastados que teñen gañado o bastón de mariscal dos mendigos, vivindo en Bicêtre como as mulleres indixentes viven na Salpêtrière. Aquel home, un dos dous mil desgraciados acollidos no *Hospicio da vellez*, estaba sentado nun marco e parecía concentrar toda a súa intelixencia nunha operación ben coñecida dos inválidos, que consiste en facer secar ó sol o tabaco dos seus panos, para evitar lavalos quizais. Aquel vello tiña unha fisionomía interesante. Ía vestido con esa roupa de pano avermellado que lles dá o Hospicio ós seus asilados, especie de librea horrible.

—¡Mire, Derville! —díxolle Godeschal ó seu compañeiro de viaxe—, mire para ese vello. ¿Non se parece a eses estrafalarios que nos veñen de Alemaña? E vive, e se cadra é feliz.

Derville puxo os lentes, mirou para o pobre, deixou escapar un xesto de sorpresa e dixo:

—Ese vello, amigo meu, é todo un poema, ou, como din os románticos, un drama. ¿Tiveches ocasión de coñece-la condesa Ferraud?

—Si, é unha muller intelixente e moi agradable; ora que un chisco devota de máis —dixo Godeschal.

—Ese vello do asilo é o seu lexítimo marido, o conde Chabert, o antigo coronel; seguramente foi ela a que o fixo meter aí. Se está neste hospicio en lugar de vivir nunha mansión, é unicamente por lle ter lembrado á linda condesa Ferraud que a recollera, coma un coche de punto, na rúa. Aínda me acorda a ollada de tigre que lle botou ela naquel momento.

Como estas palabras excitaran a curiosidade de Godeschal, Derville contoulle a historia precedente. Dous días máis tarde, o luns pola mañá, volvendo para París, os dous amigos botaron unha ollada sobre Bicêtre, e Derville propuxo ir ve-lo coronel Chabert. A medio camiño pola avenida, os dous amigos atoparon, sentado no toro dunha árbore abatida, o vello que tiña na man un bastón e entretíñase en trazar unhas raias na area. Mirándoo atentamente, decatáronse de que viña de comer noutra parte, fóra do establecemento.

—Bos días, coronel Chabert —dixo Derville.

—¡Chabert non!, ¡Chabert non!, chámome Hyacinthe —respondeu o vello—. Xa non son un home, son o número 164, sétima sala —engadiu mirando a Derville cunha ansiedade temerosa, cun temor de vello e de neno—. ¿Van vostedes ve-lo condenado a morte? —preguntou, despois dun momento de silencio—. ¡Non está casado! Feliz el.

—Pobre home —dixo Godeschal—. ¿Quere cartos para mercar tabaco?

Con toda a candidez dun rapaciño de París, o coronel tendeu-lle avidamente a man a cada un dos dous descoñecidos, que lle deron unha moeda de vinte francos; agradecéullelo cunha mirada estúpida, dicindo:

—¡Brava tropa!

Fixo coma se tivese unha arma, finxiu que apuntaba cara a eles e exclamou sorrindo:

—¡Fogo ás dúas pezas! ¡Viva Napoleón!

E describiu no aire co seu caxato un arabesco imaxinario.

—A súa ferida debeu facer que volveuse á infancia.

—¡Ei, na infancia! —exclamou un vello hospiciano que os observaba—. ¡Ah! Hai días en que non se pode molestar. É un vello listo, cheo de filosofía e de imaxinación. Pero hoxe ¡que lle queren! anda de luns⁸. Xa estaba aquí en 1820, señor. Naquela época, un oficial prusiano que subía pola costa de Villejuif cunha carruaxe que lle din *calesa*, chegou por aquí a pé. Nós estabámo-los dous, Hyacinthe e mais eu, na beira da estrada. Aquel oficial ía falando con outro, cun ruso, ou calquera animal da mesma especie, cando ó ve-lo ancián, o prusiano, por rir, díxolle: "Mira un vello monicreque que debeu estar en Rosbach". "Era novo de máis para estar alí", respondeulle el; "pero fun bastante vello para estar en Léna⁹". Así que o prusiano largou, sen dicir máis nada.

—¡Que destino! —exclamou Derville—. Saíu do *Hospicio da infancia abandonada* e volve para morrer ó *Hospicio da vellez*, despois de lle axudar, no intervalo, a Napoleón a conquistar Exipto e Europa. ¿Sabe vostede, querido amigo —continuou Derville, logo dunha pausa—, que existen na nosa sociedade tres homes, o Sacerdote, o Médico e o Home de xustiza, que non poden estima-lo mundo? Visten de negro, tal vez porque levan loito por tódalas virtudes, por tódalas ilusións. O máis desgraciado dos tres é o avogado. Cando o home vai busca-lo sacerdote, faino empuxado polo arrepentimento, polo remordemento, por crenzas que o fan interesante, que o engrandecen e consolan a alma do mediador, a tarefa deste último comporta unha especie de gozo: purifica, repara e reconcilia. Pero nós, os avogados, vemos repetirse os mesmos malos sentimentos, nada os corrixe, os nosos bufetes son cloacas que non se poden limpar. ¡Cantas cousas non terei aprendido exercendo a miña profesión! ¡Vin morrer un pai nun faiado, sen un céntimo, abandonado por dúas fillas ás que lles deixara corenta mil libras de renda! Vin queimar testamentos; vin nais que desvalixaban ós seus fillos, homes que roubaban ás súas mulleres, mulleres que mataban os seus homes servíndose do amor que lles inspiraban para volvelos tolos ou imbéciles, co fin de vivir en paz cun amante. Vin mulleres darlle a un fillo da primeira cama afeccións que lles debían provoca-la morte, co fin de enriquecer a un fillo do amor. Non lle podó dicir todo o que teño visto, pois vin crimes contra os que a xustiza é impotente. En fin, tódolos horrores que os novelistas cren que inventan están sempre por debaixo da realidade. Vai coñecer vostede todas esas marabillas; eu retírome a vivir ó campo coa miña muller. París horrízame.

—Eu xa lle vin abondo no despacho de Desroches —respondeu Godeschal.

París, febreiro-marzo 1832.

¹ Levita ou saión, de orixe inglesa, moi pasado de moda e que indica a pertenza do personaxe a outra época.

² Bailarina e acróbata célebre, madame Saqui actuaba no bulevar do Temple nun teatro de funámbulos.

³ Hospital psiquiátrico preto de París.

⁴ Napoleón visto polos ultras.

⁵ *Spleen*: especie de melancolía aparentemente inxustificada. Neurastenia. Algúns poemas de Baudelaire levan ese título.

⁶ Talleyrand anulara o primeiro matrimonio por conveniencia política.

⁷ Coignard: famoso presidiario evadido que fixo unha honorable carreira co nome de conde de Sainte-Hélène, sendo asemade xefe duna banda de foraxidos. Recoñecido por un antigo compañeiro da prisión, foi condenado a cadea perpetua e morreu en Brest o ano 1831.

⁸ Segundo o seu compañeiro, continuou divertíndose e, seguramente, bebendo algo máis da conta, coma se o luns fose domingo.

⁹ Os franceses vencidos polos prusianos en Rosbach en 1757, foron vencedores en Léna en 1806.